

Home
naxe

A

FERMIN

PENZOL

HOMENAXE

A

FERMIN PENZOL

A presente edición consta de **setenta e cinco exemplares**. Os sesenta primeiros, numerados do I ao LX, cada seu co nome do colaborador ou entidade ao que se destina, e os quince restantes — tamén fora de venda —, sin numerar.

Exemplar núm. XLVIII

Biblioteca Penzol

11-6-2018


H
HO
HOM
HOME
HOMEN
NAKE
AKE
KE
E



A

Fermin Penzol

XAIME ILLA ● RAMÓN PIÑEIRO ● X. M. DÍAZ CASTRO ● LAXEIRO ● S. GARCÍA-BODANO ● E. BLANCO-AMOR ● CARLOS CASARES ● C. G. SUÁREZ-LLANOS ● R. MARTÍNEZ LÓPEZ ● X. L. FRANCO GRANDE ● X. L. MÉNDEZ FERRIN ● R. CARBALLO CALERO ● V. PAZ-ANDRADE ● CASTELAO ● R. OTERO PEDRAYO ● X. RAMÓN E FERNÁNDEZ-OXEA ● COLMEIRO ● A. CUNQUEIRO ● I. MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO ● TORRES ● BASILIO LOSADA ● M. RODRIGUES LAPA ● X. M. LÓPEZ NOGUEIRA ● DÍAZ PARDO ● SALVADOR LORENZANA ● MARINO DÓNEGA ● CORREDOIRA ● D. GARCÍA-SABELL ● XOHÁN LEDO ● MARÍA XESÚS CASTRO ● SEBASTIÁN RISCO ● SEOANE ● XOSÉ M. BEIRAS ● X. LUIS L. CORTÓN ● CELESTINO F. DE LA VEGA ● XOHANA TORRES ● NOVONEYRA ● X. BAL E GAY ● CARLOS BALIÑAS ● VALENTÍN ARIAS ● VIRXILIO ● OLGA GALLEGÓ ● ÁN-XEL FOLE ● SIRO ● ALVARO GIL ● CESÁREO SACO ● RIVAS BRIONES ● F. BOUZA-BREY.



PENZOL, VISTO POR X. ILLA

NESTA XUNTANZA AMISTOSA ARREDOR DO FERMIN, de algunha maneira están presentes eses outros amigos que sin teren trato persoal con el téñeno —ou terano algún día— cos libros, coas revistas, cos xornáis e cos papéis da súa biblioteca. Nesta festa cordial, ademáis dos que somos seus amigos por obra do trato persoal están tamén os que o son por obra do trato cultural. E estes son máis, moitos máis, porque irán anovándose ao longo dos tempos. Algúns son —ou serán— de outras terras, mesmo de terras lonxanas; moitos son agora picariños, sin outra arela que bixoubear; os máis deles, craro, aínda non naceron. Mas, andando o tempo, cando sintan interés por estudar a realidade galega irán acudindo á Biblioteca Penzol á procura de fontes, á compulsa de textos, á rebusca de datos. E alí, cada libro, cada revista ou cada documento consultado abriráselles xenerosamente como unha man tendida á amizade.

Poisque para eles formou Fermín a súa biblioteca, eles están eiquí con nosco. Podemos sentir a súa presenza si avanzamos imaxinativamente no tempo e facemos por ver unha xornada de traballo na Fundación Penzol dentro de 30, de 50, de 70 anos. Alí estarán varias persoas a traballar en silencio. Poden ser de calquera lado, pois acudirán xentes de todas partes.

Ademais dos propios galegos, non será raro ver por ali teutóns, brasileiros, rusos, americáns, xaponeses ou chinos, poisque para entón a curiosidade deses pobos abranguerá todo o planeta. Ao cabo da xornada, cada ún pechará o libro ou a revista que estaba lendo, ordenará as fichas que foi escribindo e, antes de se ir, nese intre final de íntima avaliación do labor feito, sentirá gratitude por aquela regalía de medios de traballo que ten ao seu dispor. Solermeñamente, irán agromando no seu espírito preguntas coma estas: ¿Quén foi e cómo era D. Fermín Penzol? ¿Cómo comenzou a formar esta biblioteca?

Porque sentimos esas preguntas que veñen do futuro, os amigos persoáis do Fermín damos eiquí as nosas respostas. Falemos, xa que logo, de algunhas cousas que a eses desconocidos amigos lles gustará saber.

ORIXE DA BIBLIOTECA

A concencia galega do Fermín non xurdiu en Galicia —infancia mindoniense; adolescencia pontevedresa—, senón en Madrid. Podería ter xurdido en Mondoñedo do contacto con Leiras Pulpeiro, amigo do seu pai e médico da familia —que por certo tivo que lle estraer ao estribillante picaro unha faba que introducira no interior dun ouvido—, mas naqueles anos da infancia non era posible esa influencia. Tamén podería ter xurdido en Pontevedra de coincidir alí con Lousada Diéguez, que tanto había de influir máis tarde noutros, pro aínda non estaba o Lousada naquel Instituto e o noso rapaz tivo que se limitar ao divertido disfrute daquel humor un tanto teatral que por entón reinaba na vila do Lérez. Foi a pouco de chegar a Madrid, recén rematado o bacharelato, cando iba ter o “encontro” con Galicia, e a cousa sucedeu desta maneira:

Nos sete anos de Mondoñedo fixera moi bos amigos, entre eles, como conta o cronista Cunqueiro, os da familia Rego. Un dos irmáns Rego, o Angelito, foi tamén a estudar a Madrid e ás veces iba xantar á casa da familia Penzol. Como é natural, os dous rapaces saían xuntos. Nunha ocasión, o Angelito Rego tiña moito interese en mercar "A Nosa Terra", da que tiña algunha noticia, e valéndose de que era maior ca o Fermín mandáballe a este preguntar por ela en todos os quioscos de Madrid. Nona atoparon en ningún, mais no quiosco de "El Debate", na rúa de Alcalá, díxéronlles que tiñan "O Tío Marcos da Portela". E velahí que o Fermín comenzou a ler este boletín e a descubrir a existencia de Galicia como cultura e como pobo. Axiña escribiu á Coruña para se suscribir a "A Nosa Terra" e, con tal motivo, iniciou contacto coas "Irmidades da Fala" e correspondencia con Víctor Casas. Ademais dos dous boletíns, comenzou a ler e a percurar libros. Alguén lle dixo que na biblioteca do Museo Pedagógico había libros galegos e alá foi, comprobando con alegría que os había e que podía deles. A súa afición alampou rápida e axiña se convertiu en vontade sistemática de facer unha biblioteca galega. E comenzou a debulla dos catálogos, as visitas ás librerías, a elaboración de fichas bibliográficas, as consultas ao "Catálogo" de Villaamil y Castro, en fin, esa vocación crara e firme que faría do Fermín un dos máximos bibliófilos de Galicia.

O SEU GALEGUISMO

Naturalmente, sobra decir que a bibliofilia do Fermín non respondía á paixón do coleccionismo, ao goce cobizoso da posesión. Nacéu e forma parte do seu ideal galeguista. Leitor de Vilar Ponte, de Viqueira e de Risco, era un militante do nacionalismo galego. Militante activo, entusiasta e firme. Como todos os mozos nacionalistas de entón, seguía

con fe o maxisterio doutrinal de Vicente Risco e profesaba gran devoción a Castelao. Cando se levóu a Madrid a famosa exposición de dibuxos de Castelao, era un visitante cotián (e case sempre atopaba alí ao doutrinario portugués António Sardinha contemplando admirativamente os deseños, especialmente aquel en que un neno lle pregunta a un vello na beira do Miño: "¿e os da banda de alá son máis estranxeiros que os de Madrid?"). Dende que descubriu a persoalidade de Galicia como pobo, o Fermín fíxose galeguista para sempre, e o seu galeguismo seguiu dous camiños paralelos: no plano individual, a formación dunha gran biblioteca galega para entregala algún día ao país; no plano colectivo, a militancia ideolóxica e mesmo política nas distintas etapas evolutivas do galeguismo. Nunca interrompiu o arriquecemento da biblioteca —aínda despois de entregada—, nin interrompiu nunca a colaboración plena, decidida, ás angueiras do galeguismo colectivo.

FERMÍN
E BRANCA

O Fermín iba polo vran a Castropol. Branca —Blanquita para os familiares e amigos— é de Ribadeo, así que era doado, mesmo inevitable, o conócense. Simpatizaron, namoráronse e casaron. Ficaron en Castropol. Deica entón, a bibliofilia e o galeguismo do Fermín desenvolvéranse en Madrid. Dende entón, desenvolveríanse en Galicia. Antes, o Fermín tiña visitado centos e centos de veces as librerías de vello de Madrid á procura de libros galegos; agora, sin perder o contacto cos libeiros madrileños, Fermín e Branca visitarían centos e centos de veces as librerías de Galicia á mesma procura. Na vida do Fermín, a etapa Fermín-Branca representa a volta á Terra. O seu fogar de Castropol convertíuse nun dos fogares galeguistas máis respeitados e que-

ridos. Nel estiveron todos os libros, revistas, xornáis e documentos que logo se trasladaron a Vigo. Todos pasaron polas mans de Fermín, e polas de Branca, que se identificou co dobre vieiro galeguista do marido de maneira plena, absoluta. Veleiquí unha amosa, entre tantas que se poderían dar:

O día que se inaugurou a Fundación Penzol —5 de maio do 63—, acudiron a Vigo amigos procedentes de toda Galicia e algúns de Portugal. O local estaba ateigado de xente. Reinaba alí a admiración e o entusiasmo de estar vivindo un acontecemento trascendente. Fermín e Branca estaban arrodeados de amigos, recibindo prácemes. Dende un recanto da biblioteca, eu contemplaba o rebulir dos grupos a curiosear nos libros. Houbo un intre en que Branca, arredándose do grupo en que estaba, veu onda min, colléume fraternalmente as mans e díxome estas palabras: "Sei que hoxe é un día de moita alegría para ti; quéroche decir que tamén para min o é". Ela e máis Fermín acababan de nos entregar a todos un tesouro cultural —un tesouro que estaba na súa casa— e, despois de o entregaren, compartían a emoción e a alegría dos que o recibiamos. As palabras de Branca espresaban a máis sinxela e fonda confesión de galeguismo: "tamén para min é un día de moita alegría". A súa xenerosidade de espírito estaba á altura, certamente esceicional, da xenerosidade de Fermín. A identificación era absoluta. Fermín e Branca son para todos os galegos, os de hoxe e os de mañán, exemplo e símbolo de entrega xenerosa a Galicia.

RAMÓN PIÑEIRO

Coma brasas

Pra o grande galego e atesourador da cultura galega, Fermín Penzol Labandera.

Poeta ou non, eu cantaréi as cousas
que na soleira de min mesmo agardan.
Alumaréi con fachas de palabras,
ancho herdo meu, o mundo que me deron.


Ehí están, coma brasas contra a noite,
as vellas cousas, cheas de destinos.
Ollos que piden, de famentos nenos.
Ollos que esperan, dunha adoescente.

Galiza en min, meu Deus, pan que me deron,
leite e centeo e sono e lus de aurora!
Longa rúa da mar, fogar da terra,
e esta crus que nos mide de alto a baixo.

Con este alento, eu lles daréi ás cousas
o drama cheo que lles nega a vida:
daréilles rostos, pra que se conozan,
palabras lles daréi, pra que se entendan...

XOSÉ M.^º DÍAZ CASTRO

2000
- 71 -



Canto de outono

**A Fermín Penzol
no abeiro de Compostela.**

para a túa volta

MIRA NA LUZ CRABA deste Outono que te achega
a todos nós, baixo a sombra dos sarmentos,
erguendo moi outos os ramos da benvida.

Pola terra adiante
algo andaba a nos decir que chegarías
e percorrabamos nas ringleiras dos monllos
máis alá dos cómaros
e das curtíñas
un adianto, tal vez, da túa presenza...

Na noite que cingue o lume da alquitara
beilaba un coro de sombreiros amarelos
a fartura da colleita
e tí xa estabas alí,
alí xustamente onde cada ún de nós
hai tempo que te agardaba.

Pero agora que de certo
aínda nos brinca nas mans e nos ollos
a gran nova da túa volta
todo ten un xeito de ledicia
que vai polas agras
coma o canto en espiral dun merlo
que enfía o serán
a ser silencio no horizonte.

Cada quen ha preparar a súa casa
cos mellores panos
e cocerá un pan ben branco
e haberá un viño escolleito
que se traguera do máis fondo da cova
pra que tí te esquenzas de tanto camiñar.

Virás canso seguramente
de ollar tantos solpores
a cair sempre teimosos cara o noso mar,
pro non faltará un bálsamo antigo
amañado pola Nai dos ausentes
que poñerá remedio levián
nas feridas
da distancia que te mancóu.

Colleremos pra ti o mellor volumen
que atopemos entre os teus libros
e no contraluz dun candil
ti escoitarás
a voz desta Terra que te chama
no acento dunha moza feble
que tí has ver fermosa
embaixo do seu rosto de milenios...

Logo, compañeiro por sempre,
mirarémoste pasar polas rúas
e tí poderás falarnos xa cando queiras.

escribeu
SALVADOR GARCÍA-BODARÑO

non se sabe tanto

“Dentro de poucas semanas virá, xa xubilado, para Galicia o Fermín Penzol. Como ben se sabe o Fermín adicou a súa vida a arrecadar libros e papéis, non pra se compracer na súa posesión senón pra llos entregar ao seu país. Alí están en Vigo, e todos nós dispomos deles...”. “O Fermín, como sabes, é un home calado, xeneroso, discreto...”. (Dunha carta de R. P.).

Máis irían a remexer nils si o soupesen. Cicáis iste conecer restrinxido ao círculo dos "iniciados" veña de outro "xa sabes" daquela carta. "O Fermín, xa sabes que é home calado, discreto". Diste outro no saber (ainnda practicando ún o consello implícito no dito hegelíá: "cultura é multiplicidade do intrés"); ou non saber dabondo, dou eiquí testemuña de primeira mau. Cicáis son o máis novo dos amigos vellos de D. Fermín; quen sabe si o Benxamín vedraño de todos iles. Xa se terá decatado o lector por iste "Don" interpósito... Non se conece, non, a don Fermín até que non se sabe ben, non só de ouvidas, o que ten feito pola súa terra, que non quedóu en tarefa de afición ou de ocupación lateral senón que se lle foi nela a inteira vida. Don Fermín non semella ter ningunha urxencia en que isto se sepa. Notéillo a causa dos costumes de ouservación que presta o meu oficio. Aporveita pouco, millor dito ren, a ocasión pra falar, por máis que se lle pergunte, aínda cos que temos a obriga profesional de saber as cousas pra llas contar á xente. Cando moito sorri como decindo "total qué". Ao longo de tres ou catro anos fun presentado moitas veces a don Fermín Penzol, e nunca tiven a sensación (a "sensación", porque a cortesía é outra cousa, e ista nóta-selle a fartar) de que me conecese ou reconecese. Dapouco funme decatando de que todo aquilo era, nefeuo, discreción, cicáis unha migalla de timidez; dende logo recato. ¿E por qué non bondade sinxela, profunda polo tanto? Isa bondade de todo o ser que sinte noxo e tristeza de que poida ser proclamada ou declamada como unha profanación do íntimo; isa pureza interior que ás vegadas nós sospeitamos e que

nos pon medo que sexa "descoberta" polos "outros" como a máis solerma e firente das vaidades...

Mais isto que é lexítimo, esixíbel, autoesixíbel no goberno temperamental, xa nono é tanto no tocante á nosa obra, e máis a unha obra como a que don Fermín Penzol levou adiante coa vida, co corazón, cos cartos, pensando nos "outros", nos lonxicuos, descoñecidos, usuarios. Iste tipo de intelixente xenerosidade non é moi doado na nosa terra, que é terra de moito esquezo de si mesma, de non pouca incultura, de moito estropicio e noncuranza, e aínda máis arestora con tantas palabras ao vento, que xa dan vergoña e desazón, e que non van máis aló de pintipararnos unha face axeitada pra estranxeiros e forasteiros de caudal, "restaurando" logares onde xanten e durman sopóndose duquesas e duqueses. A carón da vella incuria e da nova mentira, obras como a de Fermín (voulle a tirar o "Don" pra seguir con máis confianza) ten que ser "sabida" non só pra os usuantes sinón pra os posíbeles imitantes. No exemplo de Penzol outros poden coller insino e azos pra o propio descubrimento desta xenerosidade a prol da patria.

Doutro xeito: A idea, e idea crara, de que a Fundación Penzol existe pode ser útil e porpagábel pra o seu enriquecemento. Unha cousa é donar enseres, por rutina, por bondade, por abundancia ou polo que sexa pra o seu sonequeo e pasividade en pinacotecas e arquivos cripticos, e outra inxerilos formando parte dun organismo xoven, inmediatamente útil, vivo, incluso no seu ser físico, domiciliario, nunha rúa movedía, comercial, céntrica de Vigo, que é de por si un dos centros máis posíbeles da Galicia posíbel superado xa o sono indixente e frustrado das vellas sardiñocracias, que non compriron co seu deber cicáis por nono saber.

A Fundación Penzol coa confianza que inspíra a súa utilidade, a súa "facilidade", o cordial manexo

dos seus fondos, pode ser incentivo pra novas dádevas. Cicáis a biblioteca de Rey Soto, os libros galegos do Antón Docampo, en Cuba; os libros e coleccións xa perdidos, de Castro López, en Buenos Aires, e quén sabe cántos máis non se houberan perdido ou non houberan trabucado seu destino si a obra conmovedora de Penzol houbera acadado a comprida e merecente publicidade a que ten dereito en razón da súa propia utilidade... Aínda hai agora xente que non sabe "qué facer" coas cousas que lle veñen ás maus; que racha papéis que non entende, que deborca nas librerías de vello ou nos chamariles incalificados, ou máis sinxelamente que queima libros sin xiquera acertar a vendelos...

E como caso persoal, tan modesto como sexa, aínda teño que dicir eiquí que foi na Biblioteca da Penzol, onde traballéi unhas poucas horas, onde se me fixo posibel un vello anxeio que me anda a buligar na mente xa dende os meus derradeiros anos de emigrado: Unha "Antoloxía de Prosistas Galegos", penúltima ilusión de servicio á terra dende usos do meu oficio; alí, dun arrepente, sentín máis perta a incitación, notéi máis factible a realización. Meteréille mau en canto podía liberar un par de meses pra pasalos en Vigo, arredado das miñas tarefas máis pertamente profesionáis e das miñas angueiras ourensáns.

Eis o meu homaxe, polo de agora privado, "ao" Fermín Penzol. Cada seu pon o que pode: il os libros, os papéis que en Vigo nos agardan a todos; ún, o entusiasmo pra traballar algo máis —xa vai quedando pouco— a prol do coñecemento, do desenmeigamento, desta leixada e amada Terra Nosa.

EDUARDO BLANCO - AMOR

CANDO EU ERA NENO, tiñamos na escola un libro que traía unha estampa —ou un **santo**, como decíamos os rapaces— dun bicho grande e raro, que me petaba fortemente na atención. As veces parecíame un lagarto xigante; outras, recordábame a unha cobra. Tamén cheguéi a pensar que o demo, tal como nolo describía o señor abade na catequesis, non debía ser moito máis feo. Faléille do asunto a un amigo meu que se chamaba Camilo e a quen os demais rapaces lle puxeran o alcume de **Amilo Agón**, porque non sabía pronunciar a **ca** e decía, por exemplo, arameo, oño, Oruña e outras cousas que non son do caso... Un día, o **Agón**, que era sacristán —e bó sacristán, pois sabía os responsos e a misa enteiriña de todo e a xente decía que acabaría de crego si nono botara todo a perder un ano que, polo Precepto, lle deu a comunión a dous homes do Toxal que querían recibir e non podían, pois o señor abade fora de viaxe (non moi lonxe sería, porque andaba sempre a cabalo dun burro que entendía polo nome de **Maravillas**; pero esto quedará pra outra ocasión)— o **Agón**, digo, díxome que o tal bicho non era o demo, sinón a filla do demo, que se chamaba Rosita e que vivía no bosque do Cego.

Que un bicho tan grande tivera un nome tan pequeno, a min non me acababa de entrar na cabeza. Pero o **Agón** aseguróume que a cousa era certa e que non tiña importancia, posto que nós mesmos o podíamos botar fora de alí.

—Podémolo correr pra Vigo —dixo.

Eu penséi que Vigo quedaba un pouco lonxe, ou debía quedar moi lonxe, e parecéume ben. Así que unha mañá de vrau, despois do desaúno, marchamos hasta o bosque do Cego. Facía calor e sudamos o noso polo camiño. Como armas levábamos dous paus, un bramante, unha navalla e un espello pra lle botar o sol nos ollos en caso de que nos dera cara. Cando chegamos, escondímonos detrás duns toxos a velar, pero o

bicho non apareceu. O que si apareceu en cambio foi unha cobra grande que o Agón se encargou de matar a pedradas e a paus. Despois díxome que aquela cobra era unha cría do bicho e levámola atada hasta a casa rectoral, onde o señor abade nos deu unha leición de Historia Sagrada e chamóunos valentes dúas ou tres veces seguidas.

Foi aquí un día ben ledo, pero cando voltéi para a casa, a imaxen da estampa do meu libro escolar baixóume outra vez á imaxinación. E moitos anos a tiven ali presente, hasta que llo contéi a Vicente Risco, que me dixo:

—Lapón, non ves que os dinosaurios desapareceron xa antes do Diluvio. Morreron por xigantismo.

A aclaración de don Vicente non soilo non borróu o meu vello terror infantil, sinón que o aumentóu. Non polo bicho en sí, sinón pola forma de morrer. De repente descubrín que se podía morrer por demasiado grande.

Dende entón, querido don Fermín, collínlle xenreira ás cousas grandes. Diste xeito teño xuntado nun mesmo desprecio aos coches americanos, aos discursos, ao Real Madrid e aos Imperios. Pero, sobre todo, non soporto a presenza das palabras mortas, das palabras que, como o bicho do meu libro, morreron de xigantismo: amor, verdade, libertade, xusticia... E, ás veces, as palabras de homenaxe, por grandes, poden non significar nada, aínda que estou ben seguro de que nesta ocasión ninguén lle ofrecerá palabras mortas a quen se pasou a vida salvando palabras pra un pobo despojado delas. Por eso renuncio aquí a toda forma retórica de cortesía. Eu, aficionado a contar historias, contolle ésta como proba cativa e pequena de cariño e en agradecemento pola súa xenerosidade.

CARLOS CASARES

Cangas de Morrazo, 2 dic. 71

Querido Ramón:

Cando tiña ocasión de velo por Madrid, xa hai ben anos, Fermín Penzol, sempre que me falaba de Sarria, era pra insistir no moito que lle pesara non ter aproveitado a oportunidade que alí tivera, coido que ao principio da súa carreira, de facerse cun exemplar da historia de Sarria escrita por Diego Pazos. Aquelo non era degaro de coleccionista, senón máis ben expresión dun metódico e puntual cumprimento dun plan xeneroso. Con Penzol aprendíase moito; sabía das personas e dos feitos de Galicia, e especialmente da trágica historia recente, os máis insospeitables aspectos. Apréndíase, sobre todo, do exemplo da súa xenerosidade.

Cando ún considera como característica máis acusada dunha persona a da xenerosidade, xa non é necesario explicar que se trata dun caso excepcional. Por outra parte, a xenerosidade é un modo de ser que se manifesta en todos os aspectos da conducta, que está continuamente presente. Dela beneficianse, sen falar nun sentido vulgarmente egoísta, os amigos; e, sobre todo, benefíciase a empresa transpersoal á que a persoa auténticamente xenerosa se sinta chamada. Penso que poucos poderían poñerse ao par de Penzol como exemplos de dedicación pura, imperturbablemente constante e apasionada, a unhos ideais; é decir, como exemplos dunha dedicación na que non hai, nin aberta nin soterradamente, ningún desexo de autoafirmación

persoal de calquer xénero. Todo o contrario; non hai máis que sacrificio do propio. Isto é fundamentalmente aleccionador e é un contraste especialmente valioso nas circunstancias en que predomina o ser movido polo "culto á propia personalidade", manifesto ou vergonzante.

Pero eu non son quen pra escribir de Fermin Penzol; e sei que hai moitos que o farán con pleno coñecemento de causa. Por iso tes que me escusar que poña fin a istas apuradas liñas. Unha forte aperta de

CAMILO G. SUÁREZ-LLANOS



Do Penzol de Fermín

A parroquia de Santa Maria de Meredo, según o Madoz, pertence ao concello de Vega de Ribadeo e está situada ao sur do Pico Agudelo. Antre os seus lugares figura o de Penzol. A farturenta familia de *p e n - d e r e* espállase xenerosa pola toponimia galaico-astur (Pendas, Pendella, Pendias, Pendiella, Pendo, Pendones, Pendueles, Penduso, Penso) e portuguesa (Pendao, Pendelo, Pendilhe, Pendoa, Pendurada). *P e n - z o l* que non anda polos dicionarios, debe vir do **p ě n d ě l ů s* que o Meyer Lübke considera étimo do it. *penzolo*, do parmesano e cremonense *péndzol* (ademitindo a dificultade da *z* como resultado de *n + yod*, nestas linguas) e do catalán *penjoll* antre outras verbas románicas (REW, 6387). Semánticamente hai certa uniformidade: it. e cat. cacho de frutos e en it. particularmente acio. Nos dialectos Italianos devanditos a significación é máis estensa ('terras a prado' 'frutos para o gando' e incluso 'dereito a pastar'). Na mesma serie xulgamos debe estar *p e n d o l o s u s* que no Du Cange rexístrase como 'síñal pendurada nunha casa pra anunciar unha venda; dise polo viño que venden os taberneiros'. Por outro lado 'viño' e 'pender' son verbas que andan xuntas dende o latín do século II a. de C.; 'uvas son viño pendurado' di Catón o Censor, e Plauto fala de que 'antes de fermentar apodrece o viño cando está pendurado'.

* * *

Nome de bon agoiro! No cap. 6 do L. VII das **Etimologías** concreta Isidoro de Sevilla unha vella idea que arrínca dos gregos e cobra grande vitalidade antre os eséxetas bíblicos. Os nomes das cousas e das persoas levan en si mesmos, como atesourada, a súa esencia. Deste modo a etimoloxía convírtese nunha alegoría como o simbolismo dos números. Curtius adica un dos máis agudos 'excursus' ao tema ('A Etimología como categoría do pensamento' na súa **Literatura Europea e a Edade Madia Latina**).

* * *

A xenerosidade de Fermín, eses vinte anos de afevoadado e intelixente arrecadar desa biblioteca que leva xa o seu máxico nome, os seus azos e traballos, o seu sacrificio exemplar, constituen o máis garrido 'penzol' que el puido ofrescer a Galicia.

RAMÓN MARTINEZ-LÓPEZ



O fronteirizo Fermín Penzol

Era galego fronteiriço, que, tal vez por isso, sempre se afirmou irreductivamente galego e implacavel para todos quantos ousassen deminuir a sua gente. Eu comprendo esse tipo de homens, porque há muitos anos descobri também em mim vocação galega e amor entranhado por este velho e formoso país. Será porque eu também seja um fronteiriço?

...é preciso ter cuidado com estes arraia-nos!

M. RODRIGUES LAPA

Pode que sexa a súa condición de galego fronteirizo unha das cualidás máis dinas de ser sulñadas en Fermín Penzol. Galego fronteirizo como Sarmiento, como Cotarelo, Martínez Salazar, como o mesmo Marcelo Macías —que por galego se tiña—, como Rodrigues Lapa —que por galego se ten. Isto é, firme e rexo, esixente e apaixonado na súa entrega e amor á nosa terra. Millor diréi: máis firme e rexo, máis esixente e apaixonado.

É certo que todos os galegos, e non somentes os *arraianos*, somos ao cabo un pouco fronteirizos. É sómolo porque o noso destino é un loitar entre a asimilación pasiva de estruturas superpostas e alleas e máis a afirmación da nosa propia individualidade colectiva. Non estou preparado pra afirmar con amoreamento de datos que esta condición fronteiriza é máis acusada en homes que, como Fermín Penzol, son *arraianos*, sin dúbida porque o drama xeneral é máis forte no caso particular de quen sente máis perto o risco da imposición allea.

De primeiras, eu penso que isto é verdade, que responde a unha actitude fronteiriza. E vou aducir un único exemplo que coído ben ilustrativo. Nas bisbarras fronteirizas de Lubián, foi recollido un dito que me dá a razón: cando entre as uces albariñas —que son as de millor crás— aparece algunha reádiga —que son mol duras e retortas—, os rozadores dín: "Deixa, esa fala castellano!" Destas cousas, como de outras moitas, penso que sabemos moi pouco, case nada.

Mais é un feito que xa se ven rexistrando —nalgún caso por un mesmo fronteirizo ilustre— a especial actitude destes *arraianos*, que son exemplo pra todos nós. Sin dúbida —non nos fagamos ilusións que vaian máis

alá de toda realidade—, nestas bisbarras fronteirizas atopamos o mesmo desleigamento, o mesmo drama ben sabido da nosa terra, e, ao millor, aínda máis aceso. Pode que esta sexa a realidade. Mais tamén é ben certo que desas mesmas bisbarras fronteirizas —en moi diversos tempos do noso decorrer espritoal— saíron homes e voces que nos alertaron, que nos fixeron volver sobre nós mesmos, que nos deron exemplo. Velaquí Sarmiento, Cotarelo, Martínez Salazar, Rodríguez Lapa, Fermín Penzol...

Eu, que tamén son un pouco fronteirizo, vexo en Fermín Penzol un exemplo moi espresivo da nosa realidade galega: vexo ao fronteirizo —e il éo por galego e por arraiano— a se debater entre a afirmación da súa persoalidade propia e a imposición da outra, a turrar por se impoñer. Mais nesta tirapuxa vence e impónse a autenticidade, a nidia verdade que ún, nun intre calquera, descobre que vai connosco, e non o que de primeiras poídera semellar máis doado ou chamativo. Este fronteirizo, por esa mesma condición, víuse na obriga de loitar e de se impoñer con máis afervoado pulo, con máis apaixonada actitude, con máis esixente entrega. E isto, despois de todo, deixa o seu pouso, impón o seu calco, asina co seu caritel.

De ahí que eu vexa en Fermín Penzol un matiz —son os matices, case sempre, o que máis importa— que o singulariza dentro da nosa comunidade de hoxe: é xustamente ese matiz fronteirizo, que eu digo que significa máis sacrificio e máis esixencia, máis rexo pulo e máis apaixonada afirmación. E téno ben probado este home singular que, co exemplo da súa conducta, fíxonos presente unha vez máis a todos que, ao cabo, o noso problema galego sigue sendo —con todo o que isto quer decir— unha arriscada custión fronteiriza.

X. L. FRANCO GRANDE



Saudemos en Fermín Penzol ao galego estramurado. Poboacións tristísimas —zamoráns, berciáns e astures—, sin o consolo misérrimo dunha feira en Lugo ou Compostela, poidéranse sentir nel representadas. A patria exterior sirvelle de neboento sustento. Saudemos en Fermín Penzol au seu sustrato de castimonias esquen-cidas, doblemente colonizadas. Saudemos nel a ese fragmento de país, pizarrento, que se acobilla baixo lou-sados afumados, en sobrados en que renxe o corazón dos castiñeiros nacionais, na alta noite limítrofe de Ga-licia, ese silencio de pedra e fronda. Na hora do home-naxe, convoquemos difuntiños verdosos (de boroa), so-terrados nas abas da Cabreira, nos frientos avesedos de Hermisende e Padornelo, afogados no ferro e nas oucas das pucharcas do Valcarce. E rubindo irados aos ceos de colmo e xabarin de Ancares, lembremos a tanto mor-to armado, caído, levantado e monumento pra sempre da terra en guerra, nunha luz que non acaba. Na soe-dade dos Oscos, no verdor indecible das ribeiras do Eo, agrupemos a Fermín Penzol con aqueles teimosos, la-bregos e mariñeiros, que mantiveron un cachote de pa-tria sin desmaio. Saudemos en Fermín Penzol ao fillo da Galicia irredenta —se as hai xa redimidas— **I ergamos ramos, puños, calquera cousa de ledó e popular polos seus libros situados ao servíció de todos. Do futuro.**

XOSÉ L. MÉNDEZ FERRÍN



Fermin Penzol entra nunha librería,
nunha librería de vello.

Os seus craros ollos, a súa adoita man ollan, follean os volumes sospeitosos. Sospeitosos de faltar na biblioteca da súa Fundación, sospeitosos de conter unha referencia a Galicia. Un novo libro vello para a Fundación, para a Bibloteca, para Vigo, para Galicia.

Fermin Penzol entra nunha librería,
nunha librería de vello,
nunha librería de novo,
á pescuda de libros galegos, de libros sobre Galicia.

Desde que era novo, de estudante, de graduado, de antes, de agora, de sempre, Fermin Penzol á procura de libros; de libros de Galicia, de libros para Galicia.

Fermin Penzol é conocido en todas as librerías, de todos os libeiros. Sorrinte, silandeiro, vai afastando, vai escolmando libros, vai encarregando, vai agarimando, vai amoreando, vai mercando libros. Libros sobre Galicia, libros de Galicia.

Fermin Penzol,
o Grande Bibliófilo galego,
o Grande Bibliotecario de Galicia,
o Grande Rexidor do tesouro bibliográfico de Galicia.
Fermin Penzol,
dono fastuoso de libros galegos, doador velaño de libros galegos; Fermin Penzol,
fillo devoto de Galicia, que ofrenda libros na ara de Galicia.

Fermín Penzol, en procura de libros de Galicia, en procura de glorias de Galicia, erguendo un pazo de libros para gozo de Galicia, erguendo un castelo de libros para defensa de Galicia, erguendo unha catedral de libros para honra de Galicia; arquitecto de libros, constructor de moimentos de libros, grande labrador dos eidos da nosa cultura, colleitador do noso pan espiritual, gardador nos nosos piornos, nos piornos de Galicia, do pan que sacie a nosa fame, do ouro cereal que alimente a nosa alma degoirada e debecida.

Fermín Penzol entra nunha librería de novo,
nunha librería de vello;

Fermín Penzol entra na librería de Galicia;

Fermín Penzol entra na historia de Galicia;

Fermín Penzol entra na entraña mesma de Galicia, está ahí, nela, no corazón de Galicia, fillo piadoso de Galicia, erguendo a Galicia, cos seus libros, un moimento de amor filial.

Irmáns nese amor, hoxe, como decote, pero dun xeito un pouco máis teimoso, un grupo de galegos queremos decir xuntos a Penzol que a nosa admiración e o noso cariño pola súa persoa fican testemuñados neste libro, como o seu nome fica —pola súa obra— inscrito no libro de ouro de Galicia.

R. CARBALLO CALERO

Os silencios de Fermín

Facer do culto ao libro o eixo espritoal dunha vida, penso que sexa unha das máis belas labours que un home poida escoller. De primeiras o libro, criatura do arte e do pensamento, cruxol do lingoaxe escrito, tamén semella condanado a morrer fisicamente, coma os demais obxectos materiais. Mais a súa é unha sorte de caducidade redimible polo amor.

Cando o libro atopa a tempo unhas mans querendosas, mexidas por arelas de perpetuación, pode adquirir sobrevivencia infinda. Ás veces samente pasiva, reducida a aturar anos e anos a friaxe dos estantes. Mais sempre con valor atestatorio dun tempo, dunha terra, dunha xente, dun pensamento, dun home...

Ao exemplo patricio de Fermín Fernández Penzol, en máis dun senso, podería reconocérselle unha xerarquía arquetípica. Diante da súa executoria, compre valorar a función social do bibliófilo, mester que semella ben arredado de todo infruxo na cultura das masas. Mais xa non se pode dubidar agora de canto ben pode herdar a sociedade, cando aquela devoción persoal, paciente e calada, desemboca nunha institucionalización popular, ou polo menos aberta ás cobizas culturais da xente.

A propia natureza do libro, a súa ceibe e perecedeira condición, dan ao mester do bibliófilo a súa razón de ser. Xustifica dabondo a función colectora e ordeadora, encarnada no home que loita, á súa conta sementes, pola conservación e transmisión da cultura imprimida. O bibliófilo labra co seu traballo benfeitor,

os eslabóns da cadea que garante a transmisión do espírito dun pobo, ás novas rolas de lectores.

Teño certas lembranzas persoales pra lle descubrir algunhas raíces, á paixón de Fermín Fernández Penzol, pola sorte do libro galego. A súa mocidade primeira na Pontevedra dos anos vinte, cando o maxisterio vivo de Alfonso R. Castelao e Antón Lousada Diéguez alí se exercía a cotío. Aquela semente lumiosa pra nosa ventura non tería de cair en terra erma.

En Fermín Fernández Penzol, a semente foi recollida en sulcos calados, mais afondados. O seu espírito sempre semellou máis dado a gardar que a reverter, e cecáis deste xeito de introversión nacéu o miragre que co tempo tería de nos ofrecer a todos: O miragre da Biblioteca Penzol. Fermín daquela falaba pouco, mais escoitaba moito. Era receptivo de primeiras, pra ser no seu intre, rumbosamente expansivo. Facía a súa laboura de portas pra dentro, pola calada, co fin de asegurar mellor o froito dos seus silencios. Uns silencios que terían de estalar no seu día con tan nobre canto espresivo linguaxe.

E foi a Fundación Penzol o froito de tantos anos de xestación dunha idea, que facía do libro galego a polaridade suprema dunha vida.

Os anos pasaron e a vida mudou aquel esceario. Agora xa non eran os cafés de Pontevedra, senón o vello "Lion d'Or" de Madrid. Tamén eiquí as inquedanzas da Galiza recibían culto. Facía daquela Ramón Cabanillas como cabezadeiro das xuntanzas.

Fermín Fernández Penzol era seareiro fixo, sempre que o seu cargo de Rexistrador lle permitía o desplazamento. Agora xa os seus silencios veaban a maor paixón da súa vida, na fase máis traballoza. En cada viaxe a Madrid dende o Partido, ou a outra cibdade onde se pudiera pescudar nas librarías de vello, a Fun-

dación Penzol iba nacendo, senón pedra a pedra, libro a libro.

Foron moitos anos afervoados, acesos na mesma candea. Moitos anos sostidos por un longo alento, de calada colleita, en tempos xa pouco doados pra reconstituir algunha mostra cabal do patrimonio bibliográfico ciscado, nunha Terra que sufrira tanta falcatrúa e esquecemento como a nosa.

Mais por enriba do que siñifica o sacrificio persoal e patrimonial a unha obra xurdia da cultura galega, aínda conta o rasgo da súa oferenda ao país. O feito de poñer os froitos da valente tarefa, ao alcance da man de cantos poidan ter cobiza ou necesidade de manexar os fondos arrecadados.

Aos merecementos do home que adica o seu sacrificio persoal a conquistar unha empresa tan complexa, temos que engadir outros valores. En primeiro termo, o da súa proieución social presente e futura. O de trocar o papel pechado do sempre coleccionista nunha misión aberta para a sociedade, poñendo inesgotables úberes de saber sobre Galiza, a man de cantos hoxe, mañán e sempre poidan sentir a cobiza de os conocer e gostar.

Aqueles silencios de Fermín andaban empreñados de idea. Eran fases xestatorias dun parto, do cal o froito fala por sí mesmo, sin outra loubanza. Non fala somentes pra honra do autor. Fala pra honra dunha Terra que ten de refacer día a día os perfís do seu xenio e reconquerir as liñas matriciais da súa personalidade como pobo.

E que no patrimonio bibliográfico dado a luz polos seus fillos ten un dos seus máis firmes esteos, como tamén a fonte máis limpa do seu ser.

V. PAZ - ANDRADE



DIBUJO DE CASTELAO

Dende neno e estudante

Maxino percurare a raíz, viva, lonxana e enxamáis enxoita da Biblioteca Penzol na nenez e primeira mocidade do seu creador. Case sempre no cumio e espallamento das institucións mestras e exemplares latexa a inquedaanza dun mencer de primaveira, os doce, os quince, diante das horas do día inmenso, espallado na mente como o cursus do sol papando meridiáns no fermoso e inquedante mapa das terras verdes onde se quixer mirar o fume amante dunha aldea, dos azules mares nos que pescudamos con ilusión o tanxer do vento nunha branca vela.

Por Fermín Penzol agardan nos horizontes e recantos da súa Biblioteca de Vigo queixumes e cantigas de augas e arboredos, chamadas de vieiros, intimismos ardentes, doces, anguriosos de cando ensaiaba os dentes na códea da voz pasiva e os xerundios e lle acenaban siloxismos cecáis un pouco bulreiros dende o artificio das primeiras fórmulas matemáticas.

Rapaz de casa grande entraba dende nenño con respecto, ben logo con intimo contentamento inspirado por fondas arelanzas, na biblioteca da casa co seu silencio povoado de baixas falas amantiñas e no acougo da fonda e misteriosa carballeira. Un conxunto espertar de gromos verdecentes, abranguendo hasta os penedos orcelados, ou o silencio glauco acariñado polas raiolas de sol no cósmico contentamento do vran, ou aquíl debercer e adeuses do coral dos albres antigos traspostos na emoción do outono dispoñéndose para a intimidade dos pazos do inverno cando baixo a lei dos grandes luceiros a carballeira espida ensoa... Dun xeito escuro e podente todos os mociños criados en casas petrucias da aldea temos sido acariñados no colo de dúas antergas, na esencia unha mes-

alentaba na idea dela

ma nai; a biblioteca e a carballeira. Arroláronnos co canto da tradición e a confianza nun destino inmorredoiro. Apenas podiamos decatarnos de como profesabamos pouquiño a pouco na lel do Intimismo aconsellado polos conxuntos silenzos inzados de áas inspiradas e dos ritmos dos nosos corazóns, da biblioteca e da carballeira.

O xoven Penzol xogaba, estribillante, con libros como cas mans enrugadas dos petrucios que chegaban a se quentar na lareira. Aquiles non eran libros de texto, como a asambrea de trabes de follateira verdecente e amuchada non era o parque e xardín municipal.

Dende neno —os procesos máis fondos, os salvadores do espírito, poucas veces se verquen en palabras— Penzol alentou na espranza da fonda biblioteca. As carballeiras baixo soles e lúas agardaban por il e cando as visitaba de estudante polas estradas camadas de follas muchas de tantos outonos decorría en baixa vibración entranábel a noraboa da carballeira simbólica, que ampara sempre o ser de Galicia.

Xa estudante, nos outonos, Penzol lonxe da súa terra decatábase envolveito nas súas crencias nas bibliotecas e nas librerías de vello. Nistas a piedade temperaba o gozo da erudición. Sempre inspiran os desterrados amor e simpatía. ¡Qué fidalgos desterrados os libros! Os grandes e os descoñecidos. Xa que un quen-tor, unha faísca de humanidade, non falla no libro máis malaventurado. Estudante, viaxeiro, home de brillantes estudos e carreira, Penzol sentía fuxir o balbordo do mundo sin míngo do recanto de silenzos inspirados da súa vida profesada. A súa curtesía, o seu senso do mundo, encobrían e decoraban un nobre as-

cetismo interior. A caverna platónica inzada de sombras inmorrentes. As mans do Penzol acariñando volumes como as dun numismata recorrendo o xiado e orgulloso releve das moedas espertaba séculos, paixóns, serenidades, loucuras. Xa os libros amaban ao Penzol, pois non só os sabía glosar senón que locía con eles curtesías pazáns.


Pro tampouco podía o noso amigo madurecer en estilo de bibliófilo envolveito nas searas e soutos, as parreiras e os lameiros de aquelas que dende o seu cuarto de estudante deica as súas outas mansións de home maduro eran a súa paisaxe e a crecedeira suma das súas mellores amizades. Pois Penzol amaba a Galicia. Ao comén, cecáis, como unha vaga e lírica chamada do Occidente. Os pazos apañaban mainos e tristesiros poentes e a sombra das carballeiras debruzábase riba de infindas delores e desespranzas. Aquela fonte de seguranza e conforto non podía ficar encraustrada, e a xente, sabéndoo ou non, agarda polos viños do espírito. Era preciso, sin dúbida dende estudante acariñou Penzol o pensamento, que todos avillaran as cubaxes das poesías e as doutrinas merecentes de guiar os ritmos internos do home e despertar as súas priquizosas arelanzas. E moito antes de franquear as súas portas a idea e perfecto esquema da biblioteca, locía na mente do Penzol como a da catedral compostelá na de D. Diego Peláez. E cando a inauguranza no cerne de Vigo, orelas do seu mar, vieiro mañanceiro, unha grave e fermosa agromada lociu nos horizontes galegos.

Apenas será obrigado decir como na nova biblioteca se non pensou en cultura popular, en utilidade, en parcelación xerárquica dos bens da cultura. Os filósofos e os alquitarados eruditos acarón dos agrónomos e os bos tratadistas das enxebres e das modernas artesanías. A todos asamblea e inspira o outo amor a Galicia para entendela mellor, agasallala, hon-

rala. O pneuma vital da Nosa Terra pode rebulir nas follas dos libros abertos da biblioteca Penzol ca mesma liberdade e gozo que nas carballeiras, súas irmás.

E o glorioso fundador e petrucio, ao lle chegar riba da nobre frente as neves primeiras, acolléndose á carballeira de pazos e lembranzas anovada polas mareas dos estudantes, portando cada día á súa biblioteca, mais de il como aberta a todos, un novo libro ca mesma ilusión de cando estudante, significa nestora e pra sempre algo moi outo, puro e exemprar: o petruciado e maorazgo das herdanzas e as futuridades de unha cultura de seu vivente como de seu cas portas francas a todos os vieiros do mundo.

R. OTERO PEDRAYO



CONECÍN A PENZOL ALÁ POLOS DERRADEIROS DO 1922 OU nos comenzos do 23, de volta da campaña de Melilla e a pouco de estrenar eu o seudónimo Ben-Cho-Shey. Daquela tomabamos café a diario nun establecemento da Gran Vía, chamado BRASIL, onde se vendía iste prodoito daquil país e había unha meia ducia de me-siñas pra a "degustación" do sabroso néctar que o servían en taciñas de pouco máis cabida que a dun dedal e parecían sacadas dunha casa de bonecas.

Tertulianos fixos eran Penzol, Antón e Pepe Fernández López, e o parente distes Pintín, que logo foi colega do Penzol en Ourense denantes de se morrer na súa casa de Sarria. Eventuáís había máis. García Paz e máis Emilio González López viñeran por entón, iste a encetar os estudos da carreira de Dereito, e aquil pra se doutorar en Letras semíticas. Lois Cortón aparecía sempre puntual e con presas a nos tragner as derradeiras publicacións galegas: NÓS, LAR, CÉLTIGA, do Ferrol, TERRA A NOSA, das que era esauto e fervoroso corresponsal gratuito.

Penzol fora condiscipulo na Universidade de José Antonio Primo de Rivera, conecía moita xente pintoresca, frecuentaba os lugares máis "turísticos", diríamos hoxe, de Madrid e sempre estaba ao tanto de canto se falaba, se facía ou ocurría nos chamados "círculos" polos periodistas. Anécdotas daqueles axitados días hai moitas, como a do violento saúdo que á Corporación Municipal da Cruña lle fixo Emilio González o día do desfile dos concellos, ou o da queima do quiosco do "Debate", diante da eirexa das Calatras, levado a cabo por un dos capitostes de hoxe que

non tiña nin cerillas, pois non fumaba, ou o do crime do expreso de Andalucía, cuíos autores tomaban café acarón noso, no Brasil, sen que soupésemos a cras de veciños que tiñamos.

Despoixas do café era obrigado ir dar unha volta polas librerías de vello, que aprendín a frecuentalas na compañía do Fermín, quen era dabondo coñecido en todas elas como bon parroquiano que recibía puntualmente os novos catálogos, a pesares do cal e por moita presa que se daba, ás veces chegaba tarde por se lle ter adiantado algún águia da bibliofilia, pois neste coleccionismo, como en todos os demais, ocorren as cousas máis pelengrinas e apélase a todos os recursos pra conquistar a peza degarada.

Naquiles anos en que conocín a Penzol xa tiña unha boa biblioteca de libros raros e difíceis de atopar, pois empezou a mercar e coleccionar cando estudiaba o bachillerato en Pontevedra. Logo, en Madrid, pola meirande importancia do mercado de libros de vello, atopou campo máis abondoso e axeitado pra as súas aficións bibliófilas.

Cando a desgraciada desfeita da Biblioteca de don Armando Cotarelo Valledor, deixada ir ás maus dos libeiros de vello pola desidia, a incuria e a falla de amor á cultura de quenes deberan evitar aquel destrozo mercándoa pra Galicia, Penzol e outros bibliófilos galegos aínda poideron rescatar, a bon precio, moitos daqueles libros tan agarimosamente axuntados por don Armando.

Podía que aquela e outras leicións polo estilo contribuíran a que Penzol quixera evitar se fixese algún día cos seus libros o que se fixo con tantos outros axuntados con mimo polos seus donos e espaxados

logo en maus rabuñeiras, ao crear, en Vigo, a Biblioteca que leva o seu nome.

Fose polo que fose, a decisión de Penzol merece ser loubada e coidamos que debe servir de exemplo pra cantos teñan bibliotecas máis ou menos valiosas e queiran evitar o seu despoxo.

A Biblioteca Penzol sirvéu de base á Fundación e xa se empezaron a recoller os froitos a traveso dos estudiosos que dela se sirven pra publicar fermosos e aleucionadores libros. Que tal debe ser o verdadeiro papel dunha biblioteca: o de seminario ou sementeira de novos libros nados da semente nela conservada.

XOSÉ RAMÓN e FERNÁNDEZ OXEA



FERMÍN PENZOL

en Mondoñedo

Fermin Penzol ten aínda moitos amigos en Mondoñedo, que eu coñezo e se lembran del, e contan. Foime moi doado saber en qué casas de Mondoñedo viviu. Primeiro, nunha casa da rúa bautizada, polo entusiasmo do XIX, "de la Libertad"; a carón da vella e pétrea casa do ramo de Guerra, —cuartel do Batallón Provincial no seu día, Zona de Reclutamento despóis, e onde hoxe reside o Concello da cidade—, e perto de onde se abría a derradeira porta da muralla, da "cerca" que viña dende os días medievais do Bispo don Martín. A porta chamábase das Angustias, por unha capelliña da Virxe desta advocación que tiña no alto. Fai algo máis de cen anos que foi derrubada, e din que a culpa foi dos médicos, que nunha tempada de febres, dictaminaron que aquela porta impedía a ventilación da cidade. ¡A ventilación de Mondoñedo, cidade por cuíñas rúas entrando quere o vendaval, muxindo como unha vaca, e hai que pór picos nos tellados, suxetando as lousas, as pizarras azúes entre as que frolecen o pírípól e a valeriana! Despóis, pois o pai de Fermin era xuez, pasaron a vivir nunha casa de bela faciana, con fermoso balcón de lousa e ferro, na rúa do marqués de Rodil. Dende entón, os xueces de Mondoñedo viviron sempre alí, e a casa é coñecida por "a casa do xuez". Fermin era moi amigo de Germán Rego, e iba xogar con el na praza,

na Maior ou "de la Constitución", onde a familia Rego tiña, e ten, a súa casa, arredrada da Catedral pola rúa de Templarios, —non dos baróns amigos do Señor, coma eu maxinaba nos meus días mozos, que nas tardiñas de néboa eu cáseque vía pasar agallopando, e non eran eles os xinetes, senón un muiñeiro cos sacos de fariña, ou alguén que co seu cabalete viña de segar herba; non dos do Temple, senón polos edificios anexos á Catedral—. Germán Rego, e Penzol, con Guillermo Jurado e Luis González Rilo, xogaban na costenta praza e no cantón, e todas as tardes de Dios, Fermín e Germán baixaban deica o Pereno, unha finca dos Rego, con muiño e prados, lavadeiros e terras labrantías, e o río represado, mazaeiros na illa que fan o río vello e o canle novo, e merendaban leite recién munxida, que din que a Fermín lle gustaba moito. Tamén eu teño feito o mesmo paseo e a mesma merenda, con Efrén Rego, sobriño de Germán, o amigo de Fermín. Os dous iban á escola de doña Encarnación Lence: non sei si xa daquela o fillo, o cronista D. Eduardo de Lence Santar y Guitián se deixara a longa barba e remexía nos arquivos preparando aqués seus primeiros tomos da historia de Mondoñedo, que lle editou D. César González-Seco, pai de miña dona.

¿Lembrarásse Fermín do que lle aconteceu cun tal Caielo, que tiña un carro vello, do que tiraba un burro canso, e iba co carro carregado de obra de barro do país aos mercados de Foz, de Ferreira, de Villanova de Lourenzá? O Caielo carregaba o carro de vispera, e deixábo onde chaman as Casas Novas. Unha serán, quizaves vindo do Pereno, Fermín Penzol e Germán Rego brincaron no carro do Caielo, estoupáronlle a mercancía, e remataron volcándolle o vehículo. Os veciños das Casas Novas, que tal viron, botáronse aos rapaces, reprobándolles o feito e querendo zurralos, másimе que sabían que un deles era o fillo do señor xuez...

Pola miña infancia eu cáseque poido contar a de Fermín Penzol en Mondoñedo, cos xogos na praza, ou no campo de Alcántara e na Praza Nova, rubindo a San Caitano ou meténdome nas augas da ría da Cega, indo ás festas ledas do verán, ou agardando as feiras de San Lucas, famosas... Teño pra min que os días de Mondoñedo tiveron que ser mui felices pra Fermín Penzol, e que aínda hoxe debe de levalos consigo. Levalos de tal xeito que eu me atrevería a decir que é ben un daqueles aos que os dos arredores da vila din: "Ese éche da Paula", pola nosa campana maior catedralicia. E con esto recoñecen unha certa calidade intelectual sin dúbida, pro tamén sí inxenio, ironía, saber de bultras, e unha finura certa no tocar as cousas do mundo, que esto é o pouso que deixan os tantos séculos dunha vella cidade canónica e fidalga. Fermín é dos da Paula.

ÁLVARO CUNQUEIRO



este é dos bos e xenerosos

FIXEN COÑECEMENTO PERSOAL CON FERMÍN PENZOL HAI ben de anos, naquel recuncho de galega enxebreza da tertulia do Lyon d'Or de Madrid. Xa estarán a cair enriba da alonxada data as neves e as xiadas, estarredoras, de vinte invernos.

Meses arriba ou meses abaixo, coído eu que debéu de ser o noso encontro arredor do tempo da publicación da *Antifona da Cantiga*, o libro que inaugurou os da Editorial Galaxia. E presentóunos alguén que endexamáis ía morrer no meu recordo —seique tampouco no de Penzol—: Ramón Cabanillas, o grande poeta, autor da obra devandita, na que, polo acuciante empeño de Ramón, figurou un apéndice lexicográfico e etimolóxico meu.

Mais compre decir que, antes e dimpóis de aquela conversa no café madrileño, estourante de voces —da mesa de ao lado chegábanos, mordentes, os comentarios do día de Edmundo Estévez—, a boa sona de Fermín Penzol —reportado e cordial, un señor dos pes á cabeza, bó sabidor e pesquisidor podente dos libros milloños, cheo de amor a Galicia, curto nas falas e longo nas obras— érame xa familiar, e faríase aínda máis familiar co tempo, no eco gabancioso do meu trato de acotío con Ramón Cabanillas.

En cartas e papéis que conservo do poeta, agáchanse alusións garimosas a Fermín Penzol e a súa dona, Blanquita, que o agasallaban filialmente nas estadas do vran na casa de Castropol. Estóu ben certo que a Fermín Penzol non lle magoará que, polo meu comedio, a voz do “bardo noso” se axunte ás deste ho-

da boca dos alleos

menaxe, xa que non nos ditos propios tomados das cartas —que me impide localizar nelas neste intre a presa con que esborrancho, tardeiramente, esta contribución—, na fiel versión da miña lembranza viva, refrexo do súpeto alumear entenrecido dos ollos cansos do poeta e do trémolo da emoción na voz grave e tumbal, cando, no iren e viren das conversas, mentaba a xenerosía amical de Fermín ou a xentileza garimeira da súa dona.

Podo aínda hoxe evocar sen esforzo algúns dos asuntos de que Penzol e máis eu departimos naquela primeira xuntanza no Lyon d'Or. Fermín vivira, de rapaz novo, algúns anos en Pontevedra. Gardaba memoria, antre dos nomes dos compañeiros do Bachillerato, do dun tío materno meu, morto mozo. Pontevedra —xentes, rúas, feitos— éralle ben sabida. Falamos tamén de poetas vivos. E falóuse de Galicia e de libros.

Por xunio do 51, e dende Castropol, “pobo moi liberal onde hai xente de moita sensibilidade que lee moito e ben”, Fermín Penzol escribíalle a Ramón e dáballle conta da recepción dun exemplar dedicado da *Antífona* e de *Presencia de Galicia* na biblioteca dun centro cultural da vila. Latexa nos párrafos da carta e na alusión a propósitos galegos en marcha, a que-rencia, tan distintiva do Penzol, polas empresas caladas e eficaces.

Poucas foron, no decorrer dos anos, as ocasións posteriores de nos ver. Mais estes son os anos en que callóu, froito logrado, unha das máis xenerosas, intelixentes e non intereseiras donacións que, dos diñeiros

xurdirá a loubanza

adequiridos por boas artes, cáseque todos ao longo dunha vida de traballo persoal e pleno, teña feito home galego particular algún a prol da realidade cultural e espritoal do seu país. Velahí está a Fundación Penzol pra mostralo.

Ninguén podería poñer chata nin óbice no que eu proseguise decindo no caso, pois que non me atopo ligado por ningún privado proveito nin vencello coa Fundación. É somentes o meu sentimento agradecido de galego e de estudoso o que me levaría a falar. Eu sei, empreso, que Penzol non sería gostante de encarceramentos e gabanzas. "Os seus propios feitos, loubaránnos" —dise no Libro e— "da boca dos alleos xurdirá a loubanza". Ben me alembro da que lle escoitei a Xullo Caro Baroja, pouco adoito aos ditirambos, por propensión de caste e psicolóxica, cando, no aquél de vir dar unha conferencia no Ateneo de Pontevedra, fíxeno facer unha escapada a Vigo e acompañéino ao fogar da Fundación, onde se decatou das posibilidades creadas pra o asentamento dun centro de investigacións históricas, lingüísticas, etnográficas, de xerarquía enteiramente universitaria, no medio dunha urbe nova e sin aparente tradición cultural, que, por de fora, semellaba ferver soio co barullento atafego industrial, portuario, mercantil...

Cando o Tempo, "sophótaton hapánton" — "a máis sabia de todas as cousas", que decían os gregos, faga a peneira dos homes e das obras dos nosos días, a de Fermín Penzol, saíndo da sombriza penumbra na que se esconde, acadará a luz e o quentor das grandes

lumaradas. Canto prendeu unha man guiada do Espírito e do Amor, faise sempre, de lume pequeniño, fogueira acesa. Do home Fermín Penzol ben sabemos que non arela pra si adxetivos nin eloxios. Pero ten que se ir afacendo a escoitar en vida —que Deus lla outorgue tan longa e comprida de venturas como nós pedimos— aquel ditado que lle damos, dende hai máis de vinte anos, eu, con moitísimos galegos, naquel fondo segredo dos corazóns onde, conferindo pra os nosos adentros feitos e palabras de tantos homes, contrastamos e pregoamos o metal, nobre ou ruín, de cada ún: “Este é dos bós e xenerosos”.

ISIDORO MILLÁN GONZÁLEZ - PARDO



A primeira noticia de Penzol chegóume, como tantas outras, polas cartas de Ramón Piñeiro. Falábame dos traballos de constitución da Fundación Penzol e facíame un retrato cabal e esacto de Fermín: "Iste home exemplar —intelixente, xeneroso e calado— foi axuntando dende rapaz unha biblioteca galega con miras a entregala algún día ao país. No decorrer dos anos conqueriu facer unha das mellores bibliotecas galegas que existen". Polos mesmos días chegóume a colección de "Galicia emigrante", que me enviara a malfadada Elsa Fernández dende Buenos Aires. Aló, nuns números atrasados, viñan dous traballos, "Fermin Penzol calado", de García Sabell e, no número seguinte, unha longa conversa con Paco del Riego. Era a revelación dunha actitude. ¿Qué rara especie de bibliófilo era aquel home capaz de desprenderse dos seus libros con tan noble como incomprensible xenerosidade? Aínda non reparara eu daquela na diferenza esencial entre un bibliófilo e un bibliómano. Eu iba xuntando os meus libros galegos. Día tras día recorría as librerías del Carrer Aribau, del Carrer de la Palla. Porter vendíame mapas vellos de Galicia. Non me collía na cabeza a posibilidade de separarme dos meus tesouros, cada ún ca súa historia de aforros, pescudas e pacencias. A xenerosidade de Penzol superaba toda a miña posibilidade de sorpresa. Os bibliófilos que eu coñecía eran xente aristada, avarentos que cofeaban os seus libros con man lasciva e que tremían espaventados cando alguén achegábase aos seus tesouros. Na cativeza dos meus achados, tamén eu era un bibliófilo da caste dos avarentos. Os meus tesouros eran un exemplar de "Cousas", outro de "Os

en Barcelona

dous de sempre" cunha adicatoria de Castelao a Portela Valladares, "A Romeiría de Xelmírez", un exemplar do Cubeiro, o "Galicia" de Murguía, que roubéi non quero decir a quén nin ónde. Tamén os mapas que Porter vendíame por oitocentas pesetas: dous do século XVI, outro do XVIII, o de "N. de Fer, Geographe de sa Majesté Catholique". Estaba disposto a calquer cousa antes que perdelos.

Penso que foi polo 1964 cando Penzol veu a Barcelona pra unha longa estada. Anuncióumo Piñeiro nunha carta. Fun ver a Penzol ao seu hotel. Era verdadeiramente o home calado do que todos me falaran, un home sensible, irónico, ca timidez nobilísima do home intelixente que cuida os seus xestos, as súas palabras, a súa xenerosidade, pra que ninguén se poida sentir ferido. Aquela mesma mañá encetamos as nosas percuras polas librerías. Nunha delas, na de Batlle, no Carrer de la Palla, atopóu entre outros libros un folletíño cas versións galegas de Anacreonte feitas por Florencio Vaamonde. Era un libro que eu buscaba dende había tempo, e agora, á primeira, recién chegado, iba Penzol cáseque directamente hastra o alzadoiro onde o libriño invisible levaba sabe Deus cántos anos acochado. E o caso é que eu pasara muitas veces por aló, e mirara por todos os recunchos. A seguridade de Penzol tiña algo de ariol, iba directamente cara ao libro interesante, con esa capacidade misteriosa que sólo teñen os amantes do libro cando se atopan diante as moreas de papel impreso. Ao día seguinte fomos ver ao Porter, dabondo coñecido nos medios da bibliofilia hispánica. Aló vin outra das facetas

de Penzol. Lentamente, teimudo, abismado, recorreu os alzadoiros nunha rebusca esaustiva que lle levou cinco horas. Naquelas cinco horas non cruzamos palabra. Cada un pola súa banda remexendo entre moreas de libros empoeirados. Penzol rematou a caza con tres paquetes enormes. Neles iban algúns libros que eu levaba meses asexando, calculando peso a peso e día a día pra podelos mercar. En días seguintes, e en novas visitas a Barcelona, recorreremos todas as librerías. Penzol alzouse con canto libro galego interesante quedaba en Barcelona. As consecuencias da súa estada en Cataluña foron desastrosas pra min. Os libeiros, advertidos, impuxeron un alza fabulosa. Aínda hoxe os comisionistas andan á pescuda do libro galego ofrecendo precios imposibles por conta dos libeiros máis potentes. Os mapas de Galicia que eu atopéi por oitocentas pesetas viñéronmos pedir á casa ofrecendo catro veces máis do que me costaran. Eu mercara algúns libros editados en "Nós", de Castelao e de Otero Pedrayo. Costáranme tres ou catro pesos. O derradeiro que merquéi, hai unhas semanas, "O porco de pe", de Risco, cóstome xa cincocentas.

Pero non cheguéi a odiar a Penzol. Nin cheguéi a caer no arrauto do "libreter assassí" cuia historia relatou Verrié nun libriño delicioso. A amizade con Penzol é un dos feitos máis gratos da miña vida. Ao seu carón deprendín moitas cousas. Falóume horas enteiras, horas longas e complidas, de Galicia e dos seus libros, dos libeiros de Madrid, dos seus anos de estudante e daqueles amigos seus das "Irmandades da Fala", vellos nomes. Deprendéume esa rara xenerosidade, que eu aínda non cheguéi a assimilar por enteiro, que consiste en pensar que o libro máis amado, o que foi atopado tras pescudas asañadas, pódese prestar, ceder, regalar. Decatéime do fondo senso emocional dos seus silenzos, das súas longas paroladas cando de Galicia e dos seus

libros se trataba, daquela xenerosidade súa, tan súa, que nunca fire nin asoballa. Dende entón teño pensado moitas veces que gustaríame atopar o libro máis raro de Galicia —o manuscrito cos poemas de Isabel de Castro, que xaz perdido na Biblioteca Nacional, un coadorno de cantigas dun troveiro medieval, un cartulario, unha crónica medieval descoñecida— pra regalarllo a Penzol. E moitas veces matinéi a súa reacción: un sorriso calado, un brilar ledos nos seus ollos, un fondo silencio. Pra min sería o premio. E abondaríame con pensar que aquel libro faría feliz a Penzol, e que o libro non iba quedar pecho nunha camareta reservada, senón que estaría sempre, como Penzol está, ao servizo do país.

BASILIO LOSADA



Fermín Penzol, um idealista galego exemplar

Estou lembrado, há uns anos atrás, de me ter sentado junto deste homem durante o banquete que lhe foi oferecido na cerimónia inaugural da Fundação que tem o seu nome. Não sei já que palavras pronunciei a seu respeito; mas tenho tanta veneração por pessoas desta qualidade, que foram certamente expressões de simpatia e comovido entusiasmo. Homem singular, trabalhado por um ideal generoso, conseguiu recolher, anos a fio, num labor incansável e metódico, o mais rico e completo acervo de livros referentes à Galiza. Constituem neste momento a grande Biblioteca Galega, cuja consulta se torna indispensável para quem desejar conhecer todas as actividades presentes e pretéritas do país. Os livros aí se encontram, nas estantes, devidamente catalogados; mas não estão só para serem vistos: é para serem consultados com amor e numa recordação agradecida para quem os adquiriu e ofereceu. Efectivamente Penzol, doando-os à Galiza, só teve em mira a grande obra de recuperação cultural do país galego.

Não queria neste momento falar em coisas tristes; mas a sua jubilação, no adiantado da vida, traz-me naturalmente a ideia do seu desaparecimento, que desejaria fosse o mais tarde possível. O precioso acervo bibliográfico que ele juntou e está juntando não pode deixar de ser constantemente enriquecido com novas aquisições de livros de todo o género, dentro dum plano criteriosamente estabelecido e olhando a

prioridades que se impõem em certos domínios da actividade cultural. Esse fluxo de instrumentos de trabalho não pode parar; e a atenção do director da Biblioteca tem de virar-se necessariamente para as contribuições que, nesse sentido, lhe podem prestar Portugal e o Brasil. Por intermédio da Fundação Gulbenkian alguma coisa já se fez; muito terá ainda de ser feito, empenhando nessa campanha o Instituto Nacional do Livro do Brasil, e todos os centros galegos da América Latina. Mais ainda; fazendo um apelo aos escritores portugueses e brasileiros para que se lembrem da instituição galega, mimoseando-a com exemplares dos seus livros.

Não há na Galiza, todos o sabemos, uma burguesia ilustrada que se incorpore dadivosamente no esforço de renovação da cultura e defesa da língua. Tudo até aqui tem sido obra de grupos minoritários, que representam a inteligência mas não o poder real do país. Há contudo um ponto, geralmente esquecido, em que a Galiza supera de longe as outras regiões diferenciadas: nenhuma destas está ligada a uma cultura e a uma língua oficial, como é o caso da Galiza. Ora isso tem um grande significado e representa uma enorme vantagem, desde que não comprometida por um inconveniente de ordem política: a aproximação com Portugal, desejada e inevitável, não deverá conduzir a uma integração mas a uma convivência cordial entre irmãos que o destino separou. Neste pressuposto, toda a assistência que, no domínio da cultura, o povo português prestar ao povo galego não será um favor mas sim um dever. Não se esqueça que os dois povos irmãos constituíram já uma nação, no sentido profundo, etimológico do termo.

MANUEL RODRIGUES LAPA

Bibliófilo

O home téndese hoxe a definir por aquilo que desexa. Quizaves fora mellor trocar a frase, e definir ao home polo que ama. Cando un home está definido polo seu "amor aos libros", cando é un "bibliófilo", evidentemente, estamos ante unha persoa singular. Os libros axúntanse, coleiciónanse para moitos mesteres, pra diversas misións. En primeiro término, pra os lér. Despoixas, para os poseer. Pero, si os libros achéganse os uns aos outros, si aniñanse nas ponlas dunha biblioteca, pra seren "regalados", o bibliófilo que cuida de tan fecunda aniñada, sin dúbida ten de ser xa un caso excepcional.

Eu coñecín a Penzol mercando libros. A Rúa do Vilar, asemade dunha reliquia urbán medieval, é, sobre de todo, funcionalmente, unha enorme biblioteca, acobillada baixo das pedras dos vellos soportales composteláns. Pra os mozos, a Rúa do Vilar é a testemuña do primeiro sorriso do amor: a primeira mirada á rapaza que pasa encoberta de inxenuidade e beleza. Pra os que xa imos sendo non tan mozos, pero que tentamos ser eternos, a Rúa das pedras, é a Rúa dos libros.

Un home coñécese polo que sabe amar. Un libro non é unha xoela. Un libro non é unha propiedade rexistrada. Non é a propiedade privada, tan privada, que está tamén manca de liberdade. Un libro é unha propiedade pública, colectiva. Dos libros pódese dicir, o mesmo que Espinoza, aquel xudeo medio galego, medio holandés, decía das ideas: son o único ben, que cando se comparte, multiplícase. O libro acrécese, reproducese, editase mil e unha vegadas, cando, no seu xusto lugar, no seu preciso anaco dunha biblioteca, está á agarda dun lector que ven falar con el, co autor que deixou grabada nel a mellor efixie do seu espírito.

Fermin, D. Fermín Penzol Lavandera, examinaba as máis apetecidas pezas de calquer Museu de libros, postas nas súas maos pola pericia do oficio dun bó catador de esquisiteces biblieiras. Para moitos compradores, o importante do libro é a súa novidade: tiña que ser posible a existencia dun home para quen o interés do libro afincase na súa antigüidade. Ese home era D. Fermín Penzol. Cantos all estábamos, íbamos a munguir as frescas páxinas onde atopar o leite das ideas que chegan da importación. Pra Fermin, as páxinas, mellor murchas: un respecto cáseque relixioso polo papel impreso que fíxose documento, máis valioso e veraz, canto máis vello. Quizáis, moitos dos papeles que Penzol terá mercado na súa vida de bibliófilo, foron no seu tempo solemnes mentiras, trampas de xente de curia e hastra filósofos ou teólogos ensoberbecidos. Agora, cando xa non son vixentes, os pergameos son verdade; cando xa están mudos, os letrados xa non minten; cando ninguén escolta xa os seus argumentos, os teólogos demostran, por vez primeira, a existencia de Deus: Deus está con eles, con eses papeliños murchos, barbas dun Pai celestial, que fai agora o milagre de facer veraz o falso, certo o mentireiro, real o que foi lmaxinario. Penzol ten na súa biblioteca —nas súas bibliotecas— un enorme testamento onde se refiren estes milagres de Deus aos homes, o milagre da Historia, da Cultura, do Ser.

Un libro é unha conversa coa Historia. Decía Descartes que é a máis profunda conversa cos mellores homes da Historia, xa que eles, nos libros, falan as súas máis felices palabras, as súas máis meditadas ideas. Falar cos libros, é caseque falar con Platón ou con Virxilio, con Aristóteles ou Dante. Cáseque estar alí, na Escola de Atenas, ou a carón dos ríos do Inferno, escapando de eles camiño do Paraíso, rubindo por unha escalinata de mamotretos sandadores. O libro é a terapéutica da iñorancia, pero tamén o talismán que nos protexe contra do veneno do Leteo, o esquezo. Os libros son a memoria do home; os libros son os apuntadores da Natureza: eles están ahí, cando ela esquece as súas leis, e todos xuntos, como unha sola voce, dín: *Natura non fecit Saltus!*. Soio o espírito rube máis alá do Leteo, o río da soedade absoluta, a cinza do tempo que non voltará, o olvido.

Fermin volta á súa Rúa. Moitas xornadas imolo mirar outravolta, nese "zoco", nesa "feira" vilarega, onde os libros resucitan como ánimas benditas, fuxindo dun purgatorio, dunha queima calqueira nas mans das bruxas da incultura. Fermin estará alí: terá de mirar os seus libros, eses fillos que poideron ser orfos, como un pai que atopou neles o seu vello da eternidade. A Rúa, ha-se enterar de que Penzol está, de novo, connosco. Xa semella que estóu ouvindo, como un canto de sirenas, coas áas abertas: son os libros, que berran xa, no interior dos soportales, á agarda que Fermin, D. Fermin Penzol Lavandera, xurista, Rexistrador, intelectual, bibliófilo, se apiade de eles e os profile, naingha das colosales incrusas, onde se recolle tanta páxina abandonada, tanta páxina que fuxiu, quen sabe cómo, da fogata, da destrución total.

Neste aniversario, soio unha palabra máis: boaventura, Fermin.

X. M. LÓPEZ NOGUEIRA



A PENNOL - Saqy - outon 71
DIAZ PARDOS

Home galego

Na historia cultural galega dos nosos días, o nome de Fermín Fernández Penzol-Labandera ten un fondo siñificado. A andadura dos seus días todos decorréu polos vieiros dunha galeguidade entrañábel. De primeiras compre decir que se trata dun home que vive conforme a si mesmo, e que, asemade, andivo a se revelar coma persoaxe de fonda dimensión. Conocemos a Penzol dende hai moito; e a traveso dese coñecemento pescudamos o que puidemos na anchura e máis na profundidade da súa aventura espiritual.

Sempre Penzol soupo ser Penzol, un galego excepcional elaborado en home de arestora por tantas cousas antergas da nosa terra e do noso espírito. Esteña onde esteña, faga o que faga, maniféstase decote coa mesma humanidade eterna e nova.

Penzol é persoa que ama as actitudes. Pero non as actitudes superficiais, sinón a actitude fonda diante das cousas básicas. El e máis a súa obra reflexan un acento definidor fronte de feitos vitais e actuais da nosa cultura. Galego deica o ceme, contemplativo e realista, sabe ónde está e cómo ha estar sempre. Fillo da Galicia histórica, na encrucillada de dous mundos fronteirizos —o bercián do seu pai e o asturiano da súa nai—, sinte afervoadamente canto hai de auténtico nas esenciais nutricias.

Mesmo por eso, enteiro, soupo Penzol cáal era a súa misión en tempos desnorteados, e cumpríuna, fiel ás súas creencias. Por ser así, un home tan fiel e tan gale-

go, de tanto carácter, os seus días foron deixando, e han deixar pra o porvir, un calco inabalábel. Hai nel unha grande impresión de lealtade coa propia vida; unha lealtade que trai a entrega —outra magnífica actitude máis— a este non doado e abritado mundo da nosa reconstitución autóctona.

Frente dunha común autosatisfacción provocada por unha certa viveza na xogada económica ou de tipo individual, espíritos coma o de Penzol son un edificante exemplo. Advírtenos a tempo que existe outro xeito de xogadas pra acadar os cumes dunha verdadeira grandeza. Todo o vivir de Penzol está guiado por ese senso de grandeza.

Coídamos que ninguén, por moi discípulo que seña da xenreira ou da envexa, antre os que o conocen, poйда atribuírllle algo que represente menoscabo ou diminución da súa íntegra beleza moral; algo que, no máis lene, faga acanear a súa realidade de paradigma nos eidos da humana honestidade e da distinguidísima modestia.

Penzol é unha rara amosa de equilibrio e de limpeza. Un galego fondo. A súa afición polos libros, a súa inquietude polos problemas do país, a súa curiosidade polo pasado e o seu infadigábel galeguismo, son notas que, antre outras, definen a súa persoalidade. Trátase dun home de grande saber bibliográfico. Porén como ten o "vicio" da modestia, gusta de vivir un algo no isolamento. Establecéuse, así, nunha zona que é a da bondade, "nin envexado nin envexoso".

Pero hai máis aínda. A figura de Penzol —na súa entrega aos valores culturais galegos—, opera como unha potencia unitiva, armonizadora de vontades, suscitadora de franca e liberal fraternidade. Baixo do seu nome, erguelto xa a símbolo dunha corrente moral e cultural, poden todos folgadoamente acobillarse. Todos aqueles que seipan comprender o vencello que une ao

home coa súa terra natal, e máis a lección que ensina aos seus contemporáneos e á posteridade.

Non hai dúbida de que, dentro da cultura galega, o nome de Penzol ten ganado unha verdadeira autoridade. E isto é irrefutábel no orde máis concreto e frío dos feitos. Frente do seu xeneroso esforzo non cabe a indiferencia nin o esquezo, sinón que compre calibrar canto val e representa na súa chea adicación a Galicia. Polo demáis, inda sendo home dunha intimidade pecha, trátase dunha intimidade poboada de refinamentos.

Sabido é, naturalmente, que existen galegos dos máis variegados estilos. Pero, sobre todo, existe unha louvável cras de galegos: os que cumpren coa súa vocación. Un pulo baril e indiscutíbel dirixiu a Fermín Penzol por un camiño de galeguidade, que resultou —afortunadamente pra el e pra nós— o seu. Por eso, cántos temos aduviñado a calidade de primeira man que afrora sinxelamente no seu labor de servicio, empréstamoslle en todo intre unha viva atención e unha cordialidade alentadora.

Penzol está inxerido na millor tradición da nosa cultura. E o homenaxe máis eficaz que lle podemos ofrecer, é o de proseguir, vivificar e anovar esa gloriosa tradición, cos pes moi firmes na terra entrañábel e os ollos postos no alto.

Ser, pois, un home fiel a Galicia e á súa cultura, é unha singular coalidade que esixía estas liñas de afecto. De afecto e de admiración a un home que —despóis de tantos anos de esforzo— sigue a ser un manantío de amor ao país, capaz de crear outravolta unha Biblioteca galega si non a tivera creado xa.

SALVADOR LORENZANA

Fito moral

Posto no ledo e fermoso trinque de tracexar o vector fundamental da persoalidade do noso amigo niste seu ano xubilar, pararéi na dimensión moral que o levóu á identificación estreita e cinguida co corpo da súa terra, coa ialma do seu pobo, co espírito do seu país.

Penzol, fuxindo de calquer papel que o levara a protagonizar cara ás xentes unha figura ou un persoaxe, mantívose sempre no renque anónimo do coro a cantar polifonias ben concertadas. Mais cando asume un papel individual vémosto decote investido no de modesto e calado pelenqrín camiñando polos vieiros dignificadores do seu país galego, recollendo aquí e acolá os instrumentos espallados, esquecidos ou ciscados precisos pra que os que viñeran atrás del poideran artellar os andamios necesarios para a reconstrucción cabal que o propio país demanda.


Nese andar polos camiños de Galicia e de fora dela, Fermín Penzol —sostido na comprensión heroica de Branca, dona garimosa, belida e xentil— foi apanhando, xa que logo, as pedras e demais materiais constructivos pra formar previos amilladoiros nos lugares onde demoraba no seu peleriñar (Ponferrada, Castropol, Madrid, A Cruña, Santiago, Barcelona...) e posterior carreto pra erguer en Vigo un ordeado, ben equilibrado e dinámico moimento á cultura de Galicia, dunha Galicia histórica —da que Penzol é unha espresiva síntesis— amputada polo Bierzo e pola Asturias occidental: a Fundación que leva o seu entrañable, inesquecible e sonoro xentilicio.

Membro conscente e asisado dunha comunidade humán, Penzol soupo de sempre, dende moi noviño, axeitando a súa conducta personal á ética social máis rigurosa, que isa comunidade ou era comunicación de bens reás, ou non era nada; que, coma se ten dito, isa comunidade como tal tiña de ser comunicación de posibilidades cara aos demais. De ahí que o esforzo comunicativo e comunicante de Penzol peche en sí un indeclinable, insobornable, fondo senso moral. Agora, si que si, totalmente alleo a xubilacións administrativas.

É, daquela, que isa aguzadísima sensibilidade ética amostre tres vértices ben nidios na andadura vital do noso amigo: a súa temperada ironía cara aos homes e ás institucións que tollen aqueles canles comunicativos; a súa piedade e simpatía polas vítimas incomunicadas; e a súa maina desesperación verbo da pronta desaparición dos atrancos perturbadores da comunicación postulada por aquela estricta ética social. E istes tres intres —disgusto moral, compasión moral, desilusión moral— apuntan, ao meu ver, en Penzol unha rexa orgaización ética e unha rara aptitude pra percibir, por contraste, a cadea de afectos humáns no seu xuicio final.

Deberemos, logo, aspirar a ser eslabóns ben trabados desa cadea os amigos de Fermín Fernández Penzol e da súa obra patriótica e comunitaria.

MARINO DÓNEGA



DIBUJO DE CORREDORA

O sorriso de Fermín Penzol

Na faciana de Fermín Penzol hai unha constante existencial: o seu sorriso. É unha curva xenerosa, aberta sobor de si mesma, que racha a fisonomía e a alumea de humanidade. Dende ela, os beizos fechados falan sin palabras.

Veleiquí que un gato se apousa no regazo de Fermín. Fermín aloumiñalle o lombo e sorrie.

Veleiquí que Fermín escoita graves decires. Fermín atende e sorrie.

Veleiquí que minten, que enganan a Fermín, e ele ben se decata pro sigue sorrindo.

Veleiquí que nace un libro esgrevio, un dises libros, xa sabedes, que compre ler con atención e amor. Fermín percura nele e, pasándolle a man, caladiño, sorrie.

Todo o espírito, toda a persoa de Fermín Penzol están no seu sorriso. Os ollos axudan. Pro os ollos aparecen sostidos polo despliegue xestual da boca.

A súa mirada se non esprica sin a realidade do sorriso.

O sorriso de Fermín Penzol é a viga maestra da súa faciana.

Esprito corporizado. Din os sabidores que o sorriso é un medio de comunicación tanto instrumental, canto expresivo. Instrumental, porque ao acenderse, tenta de modificar a conduta de aquele a quen vai dirixido. Expresivo, porque sin pretender ningunha finalidade, pon ás amostras a intimidade do que sorríe. E é certo. Pro nas xentes valiosas hai, por riba desa dobre funcionalidade, algo máis. Hai a súa dimensión receptora. Danse sorrisos que son como colos. O de Fermín Penzol é un deles.

¿E de ónde ven ese sorriso constante? Da súa capacidade espeitadora. Hai homes que saben deixar correr o tempo. Hai homes que acertan a tere a seguranza de que, a final de contas, o que importa é que a vida se non pare, pois soio cando a vida sigue é cando o porvir é certo. A vida, e principalmente a vida da cultura, é como un regatiño, como unha infantil fontenla que gosta de xogar á queda, aíó na outa montana, entre brañas ocultadoras. Escoitan estes homes un levián bruído, un maino rebulir aconchegado, e —con eso— abóndalles. Son os homes dos comenzos verdadeiros. Dos comenzos que algún día serán feitos compridos.

Fontenla, maino discurrir e espera cotián.

¿Adiviñades agora, meus amigos, o que é, de verdade,

o sorriso de Fermín Penzol?


Pois é unha ponte.

Sempre igoal a sí mesma. Sempre atravesada —sorriso acuñaado— de lado a lado do buligar da nosa peculiaridade. Ponte aberta, sorriso cordial —mentras por baixo dele, sigue, ledó e mozo, o riacho da vida.

E non lle demos voltas. Fagamos o que fagamos, suceda o que suceda, o ollo da ponte, o sorriso de Fermín Penzol, como unha firma, seguirá a dar fe da súa lealtade, da súa honesta varonía apoiadora.

Ise sorriso, amigos, ten a persistencia do roncón e a vivacidade lizguira do punteiro. Os lonxes do sorriso de Fermín Penzol son o horizonte dunha doncel muiñeira.

D. GARCÍA SABELL



Xledo.

O seu amor á terra...

Síntome agora como aquel meniño rente da praia, o meniño que quería botar toda a auga do mar nunha fochiña da area.

Porque Fermin Penzol é grande como o mar —e, sendo mar, non lle podía fallar a espuma: branca, Blanquita—; e as miñas maos son tan pequenas, e este papiño tan miúdo...

É como o mar: reiterado, constante. Con calma e sen desfalecer xamais, buscóu e conseguiu como puido tesouros da nosa cultura, nun traballo de décadas que aínda sigue. E non quixo telos só para sí, senón que os dou á terra, tamén como o mar, cando deixa nas praias os froitos estranos de lonxanos países...

.....

Ten os ollos verdes e chumbos, cambéantes coa luz. E na súa ollada está a esencia da súa personalidade paradóxica:

Os ollos sereos e doces baixo das pálpebras vencidas; as cellas, sempre ergueitas nunha pregunta interminábel.

—As veces, brilla unha faisquiña de humor na súa ollada e na súa sorriso, que o fai aínda máis perto e tremendamente familiar.

Fermín Penzol é, agora, a serenidade. Pero é unha serenidade que milita: aberta, inqueda.

.....

É o seu amor á terra fondo e tranquilo, cristalizado a través do tempo no seu labor persoal, e nas inquedanzas que soupo e sabe despertar ao seu redore.

A súa tristeza, cando a ten, é maina; case non é tristeza, senón visión respetuosa e agardante —chea de confianza— dos erros actuais das xentes do mundo e das xentes do noso mundo.

Non fire a súa tristeza nin arrebatada o seu amor no primeiro Intre; o que cautiva del, é o seu modo de estar; de estar porque é. Porque é, inconscientemente, humildemente, está; e ten tal forza no seu silencio, que é imposible esquecer a súa presenza...

MARÍA XESUS CASTRO



Son ises, os imprícitos no lema que escollimos pra avivecer o seu nome co gallo diste xusto homenaxe testemuñal, os tiduos que millor cadran ao home que chega á maturidade da súa vida após de percorrer un camiño teimosamente adicado a honrar a amizade e servir á cultura: *Varón tan xeneroso coma nobre*. Mais istas dúas virtudes da xenerosidade e da nobreza, non se mantiveron simplemente encoradas no banzado do seu canle moral, senón que, postas ao servizo dunha conduta aitiva, foron cotianamente exercitadas a prol dun sentimento de fonda raigame no seu corazón, que lles deu dirección e pulo: o amor a Galicia. Iste sentimento acadou aínda eficacia e concreción nunha teimosa e apaixonada laboura: a recolleita de bibliografía atinxente ao noso país.

Emporiso, a obra así realizada tivo, ao cabo, unha nova proieición de manifesto sino sociolóxico: A liberal vontade do seu munificent autor fíxoa cumiar na donación da propiedade dos ricaces fondos bibliográficos de tal xeito axuntados no decorrer de moitos anos, ao libre dispor do pobo e dos estudosos, a través da Fundación que instituíu e leva o seu nome.

Folga deterse na trascendencia dese acto. Ademáis do valor *per se* que esa derradeira disposición acadará, e xa está acadando, no orde do auxilio á pescuda histórica e literaria dunha parte importante da documentación bibliográfica versante sobor da rexión galega, ten de acadar outro, non menos trascendente, no terreo da emulación.

Agardamos, pois, que ises fondos sexan coma un espello máis no que o pobo galego poda contemplar a súa figura pra admirala, unhas veces, e pra recompoñela, outras; e que, asemade, o seu froitoso destino esperte e aguilloe os devezos de aquiles que, podendo, queiran imitar tan outa liberalidade. Confiemos na virtude proselitista do feito. Mais non deixemos de sobrancear hoxe a singularidade que abrangue. Singularidade que nos leva como da man a decatarnos dunha laiante realidá contraria. Sabido é, por ter acontecido nistes derradeiros anos en casos ben notorios, a grave crisis, o malfado que adoita intervir no proceso de transmisión das bibliotecas privadas ricaces en fondos de temática galega: a desfeita por espalladura, ou o acocho en mans e lugares que as desvenellan e arredan do seu eficace uso e disfruito comunitario. Desfeita e desvío tan nocentes coma lamentables.

Ergamos, porén, o noso ánimo e abramos o peito á esperanza. Celebremos niste sonado lecer o craro exemplo que nos ten dado o noso caro amigo Fermín F. Penzol, e que agardamos nos teñan reservado algúns outros leáis galegos de parella disposición espiroal deica a nosa Terra. Vai sendo hora, e coidamos debe soar decontado, de que saian ao ar do país os nomes dos benfeitores que, como aquel Cilnio Mecenas grande amigo de Augusto e proteitor de sabios, louvado por Virxilio e Horacio, son grandes amigos ou devotos fillos de Galicia, e protexen sen tasa, a man aberta, o seu rexurdir cultural. Non abonda que moi-

tos seípamos diles e os teñamos presentes na nosa memoria e na nosa gratitude. Xustamente por seren íles poucos e pechados adrede no anonimato, precisa abalalos coma bandeira de estímulo e ofrecelos coma exemplo de xenerosidade. Encetemos por hoxe a lista co nome de FERMIN F. PENZOL, que ten gañado posto escolleito na estimanza de todo bó galego.

Si á persoa ten de se a coñecer polas súas obras, a obra cultural demoradamente promovida por Penzol, constitúe un dos trazos máis saintes —tinguido de xenerosidade e nobreza— do seu auténtico retrato moral. A il diriximos, no lecer da súa xubilación profesional, ista sentida e arelante frase da minerva labrega: *Que sexa por moitos anos.*

SEBASTIÁN RISCO



GRABADO EN MADEIRA DE SPOANE

Botando alicerces

"Compriunos un longo arrodeo, levamos moito retraso. É o arrodeo que o escrúpulo da verdade fai dar á intelixencia, o escrúpulo da amizade ao corazón. É o arrodeo que salvagardou a xusticia, puxo a verdade do bando dos que se facían preguntas. E, sin dúbida, pagámolo moi caro. Pagámolo en humillacións e silencios, en amargores, en cadeas, en abrentes de execucións, en abandonos, en separacións, en fames cotiáns, en nenos esgumichados, e máis que nada en penitencias forzosas. Mais iso estaba no orde".

ALBERT CAMUS

A intelixencia, a xenerosidade, a bondade semellan a miúdo forzas fracas ante a esmagadora presión do poder constituído nas sociedades do noso tempo. A pantasma tantas veces inaprensíbel, mais decote atuante, decote dilixente na súa sórdida angueira de relar os valores superiores, a libertade, a creación e o benestar, a dinidade dos homes e a saúde dos pobos. *O vello espellismo do trunfo da inxusticia é cousa á que nós, os galegos, estamos certamente afeitos de maneira singular. Na terra asoballada, tivemos que afacernos, nun aprendizaxe transmitido ao longo das xeneracións, á convivencia cotián coa negación de nós*

en silencio...

...alentamos.

mesmos encarnada nas institucións, na economía, na fala allea, nas relacións sociais. A piques andivemos moitas veces de perdelo todo e deixáremos de ser. Somos mestres, pola forza, en longos arrodeos; somos paradigmas en retraso. Mais alentamos. Aínda alentamos e alentaremos sempre. Somos, modestamente e teimosamente, somos, tantas veces anónimamente, aquilo mesmo que o poder non pode, aquilo que ningunha forza atávica é quen de esfarelar. Somos irmáns nunha ética e nuns ideáis, nunha maneira de entender e amar ao home. Eiquí, en Galicia, somos os que sabemos que somos un pobo, e que entender e amar ao home tradúcese, eiquí, en loitar arreo polos valores dese pobo que nós somos.

Nas reviravoltas da historia, da máis recente historia, a conciencia dese pobo fíxose conciencia razoadora e aituante en todas as dimensións do home. Fíxose conciencia apricada, dilixente, estudosa e refreisiva coma nunca endexamáis o fora deica entón. En números non pasaba de ser un fato escolleito de homes. Mais os números á súa vez non pasan de ser un artificio. A realidade réxese moito máis polas forzas anímicas do home posto a traballar que polos artificios numéricos. As pantasma recuaron e a braseira da intelixencia e a xenerosidade labareóu. Aínda non nacéramos moitos de nós cando isto acontecía. Galicia acordaba, recobraba a súa conciencia, acadaba a intelixencia de si mesma, a súa cabal autocomprensión, e un fato de homes esgrevios, en solidariedade co país, abría camiños e tiraba atrancos á enerxía deica aque-

Aínda alentamos e alentaremos sempre

la encorada do seu pobo. Nacera unha "alba de gloria".

Certamente aquel mencer non chegou a ser día daquela. Tí vivíchelo, Fermín. Tí e tantos outros que aturáchedes a omnipresencia, outravolta, da pantasma tantas veces inaprensíbel, mais daquela enfonchada no poder de esbarrullalo todo, daquela migalleira no seu sórdido labor de carunchar e enlagumar todos os valores esgrevíos. Nós nacemos e medramos nas tebras que o cobriron todo —e dixérase entón que pra sempre. O noso futuro teríase desenrolado ás atoutiñadas na escuridade dun país sin futuro algún. Mais estabades vós, teimosos, afoutados e lúcidos. Vós que tiñades memoria duns compromisos irrenunciábeles, que tiñades memoria de todos os que xa non podían andar o camiño. E encetáchedes de novo o labor. De maneiras diferentes, cada ún na súa tenza, todos na mesma Terra. Velaí están hoxe os froitos. Tí, semellando decote querer mergullar na sombra a túa angueira persoal, sempre disposto a escoitar e comprender, sempre a botar alicerces en silencio, endexamáis perdiche o acougo, endexamáis cesache de axudar. Velaí están hoxe os froitos, diversos e esparexidos en todas as direccións, pro nacidos do mesmo arbore, coma un castiro ben chantado na terra de todos nós. Outra volta a concencia do país faise razonadora, estudosa e refreisiva. Outra volta faise aituante en todas as súas dimensións. Outra volta a braseira anda a labarear. Por sempre.

XOSÉ M. BEIRAS

Un encontro

Percorria o ano 20, tal vez no mes de outono ao comenzaren as clases académicas na Facultade de Dereito, de Madrid, afincada naquel intre na rúa de San Bernardo, í eu, rapaz de pouco máis de 15 anos, atendía, pra me axudar nos meus estudos, aos lectores que se presentaban pra consultar textos e libros na biblioteca do Museo Pedagóxico Nacional, da rúa de Daoíz.

Outro mozo da miña idade, máis ou menos, xa coñecido porque frecuentaba aquel Centro cultural, rexentado naquel tempo polo profesor don Manuel Bartolomé Cossío presentóuse diante de min solicitando conversar con Xosé Luis Cortón do Arroyo. Atendín decontado aquela visita, que reconocín logo como un dos asíduos estudantes de Dereito daquela súa de lectura, decíndolle: “Esa persoa que vostede busca son eu”. Nos seus ollos vin a sorpresa ou a satisfacción que lle produciu a miña resposta. Viña a cobrarme a suscripción por encárrago da revista galega “A Nosa Terra”, órgano das Irmandades da Fala, da Cruña. Aquel encontro inesperado e cuasi providencial de dous corazóns mozos latexando na mesma arela de fondo amor á terra lonxana, foi o imán que xunguíu nunha apreixada irmandade durante máis de cincuenta anos a estes

dous rapaces, hoxe humildes veteranos do rexurdi-
mento galeguista que iniciaran a carón dos anos vinte
as Irmandades da Fala.

Aquel mozo que degaraba coñecerme e viñera vi-
sitarme era o Fermín Fernández Penzol.

Foi dende aquela que a nosa amizade xurdiu po-
derosa ao conxuro dun mesmo sentir. Ficamos en vér-
monos e falarmos máis asiduamente encol das nosas
mesmas inquiredanzas. A cotío aparecía na miña casa de
Blasco de Garay a buscarme, ou eu iba á súa da rúa
do Pez. Coñecín aos seus venerables pais. Ela, unha
señora todo dozura e amabilidade comigo; o pai, un
respectable petrucio xa retirado da Maxistratura.

Dende fins de ano os nosos encontros fixéronse máis
contínuos. As nosas xuntanzas aos domingos realizá-
banse nun café. Foi o café "San Paulo", situado na
Gran Vía madrileña, o que tivo as primicias de acoller
un primeiro fato de estudantes galeguistas no desterro.
Fermín, que frecuentaba as aulas universitarias,
trouxo algúns futuros médicos, farmacéuticos, aboga-
dos e homes de letras á nosa "peña". Así, por alí apa-
receron os irmáns Fernández, Pepe e Antón, Xaquín
Peña, Cortiñas e Salvador Mosteiro, de Betanzos, Mo-
desto Piñeiro e Ben-Cho-Sei, de Ourense, Emilio Gon-
zález López, hoxe en Nova York, Xesús Carracedo, xor-
nalista e home de moitos saberes —máis tarde morto
tráxicamente—, tamén Valentín Paz Andrade e Ra-
món Rodríguez Somoza, e artistas como Suárez Couto
e Xulio Prieto Nespereira, e tanto e tantos outros que
xa non recordo. Eu levéi aos meus irmáns.

As entrevistas fóronse facendo máis íntimas e as
conversas encol dos temas de Galicia alongábanse dei-
ca as altas horas da madrugada, moitas noites deam-
bulando polas rúas de Madrí.

¿Lébraste, Fermín, daquelas nosas camiñadas os dous sós de noite entre a Gran Va e a túa ou a miña morada? Non embargantes, aquelas longas paroladas non foron de todo inútiles, porque... nos primeiros meses do ano 21 xurdiu vizosa e puxante a primeira Mocidade Céltiga, de Madri, coa que nos incorporamos á renacencia dunha nova Galicia máis nosa e máis enxebre.

XOSÉ LUIS L. CORTÓN





DIBUXO DE RIVAS BRIONES

“Madia leva, Madia ten”

Pra Fermin Penzol, que garda nos seus ollos, no seu silencio, no seu corazón, algo da espranzada tristura da nosa terra.

—O Fermin está moi ledo coa súa “Fundación Penzol”.

—Home, ¡madia leva!

Agora podería falar de Fermín —pra o noso primeiro encontro— nun recuncho dun famoso café madrileño, con Cabanillas, con Santalices, con Gómez Román...

En Castropol, con Blanquita, con Ramón Piñeiro, con proietos que xa son venturosas realidades.

En Santiago, en Lugo, en calquer parte, sempre a mercar libros e documentos galegos ou a Galicia referidos. Sempre a matinar en cousas e problemas da nosa terra.

Podería falar moito das virtudes e méritos do Fermín Penzol, pro sei que faría sufrir o seu requintado pudor.

Coido que se atopará máis cómodo se, en vez de lle facer unha louvanza, lle falo, confidencialmente, de ese estrano “madia leva” da nosa fala.

No "Diccionario Enciclopédico Gallego - Castellano", de D. Eladio Rodríguez González (Galaxia. Vigo. 1960), díse o que sigue:

"¡Madia!, interj. que se usa casi siempre seguida de los vocablos "ten", "tes", "leva" o "levas". Significa "¡que mucho!, ¡que extraño!", "¡mira que gracia!", "¡ya lo creo!, ¡no tiene nada de particular!". Valladares dice que esta voz equivale a mediano, regular, pasable, y cita este ej.: "¡Tes boas leitugas Andresa! —¡Madia tén!, contestación que no significa que las lechugas sean medianas, regulares o pasables, sino otra cosa muy distinta. El ¡madia ten! quiere decir: aunque las lechugas sean buenas, nada tiene de particular ni puede sorprender porque las plantó en buena tierra y las abonó y cuidó con esmero. "Eu quero moito a meu padriño. —¡Madia ten!", contestación que equivale a: no haces nada de más con los regalos que de él recibes. Hay también el modo adv. "¡madia leva!", ya puedes estar contento, no es poco lo conseguido, bien puede darse por satisfecho, p. ej.: "A Toniño fixéronlle un traxe novo —¡Madia leva!", expresa que es una buena cosa, un regalo práctico, una fineza que hay que agradecer".

¿De dónde ven ese extraño "madia" que arestora aínda ninguén esplicóu e xa ten feito cavilar a moitos sabidos e profanos?

Eu coído que a cousa é, probablemente, máis sinxela do que semella e por eso poidera estar ao meu alcance.

A palabra latina "*magīda*" dá en italián "*madia*", en francés "*maie*" i en portugués "*malga*" (Meyer-Lübke, "Romanisches Etymologisches Wörterbuch", 5.227).

"*Magīda*" (latín) = artesá, prato grande ou cunca pra xantar.

"*Madia*" (italián) = artesa de amasar.

"*Maie*" (francés) = artesa pra gardar o pan.

"*Malga*" (portugués) = tixela de barro na que se levan ao forno certas crases de dulces (entre outras acepcións).

Magida, no latín popular asturleonés, debéu experimentar a característica perda do —g—, tipo regis = reis, pigeatis = pieatis, etc. (Menéndez Pidal) e converterse en "*maida*". Por metátesis, tipo poida-podia, dúas formas vixentes na fala actual, pasaría á verba galega "*madia*".

Madia perdéuse en galego como sustantivo, pro, se nón estamos trabucados, conservóuse na locución adverbial "*madia* leva". Se se pensa no significado unánime de *magida* e os seus derivados romances e nun probabre sustantivo galego da mesma significación resulta doado de espricar a orixe do famoso "*madia* leva". Significaría algo así como "xa pode estar ledo, pois leva ou ten boa artesa, cunca grande de comida, tixela de dulces...". A perda da significación sustantiva de *madia* facilitaría os distanzamentos semánticos da locución adverbial.

Sospeito que o que queda dito é certo e espricativo, aínda que non esteña ben trovado. De todos xeitos non será cousa de que os sabidos se alporicen, pois, despóis de todo, non se trata de outra cousa que dunha sospeita confidencial que lle fago ao meu admirado amigo Fermín Penzol.

CELESTINO FERNÁNDEZ DE LA VEGA



A FUNDACION PENZOL CAE NO VINTECATRO DA RÚA Policarpo Sanz. No baixo do edificio, un marco a mar de apropiado: A Imprenta Gutemberg. Primeiro piso dunha casa antiga, escaleiras de pedra, amplo portal, fresco portal que dá gusto cruzar polo vrao cando o sol pega forte nas aceiras. Invariablemente, non máis entrar na biblioteca, aparece a figura de Paco na súa mesa de traballo ordenándoo todo. En certo modo Paco F. del Riego forma parte de todo esto. Hai un gran acougo no local situado no corazón de Vigo. Ás veces, coa fiestra entreaberta, escoitaremos o carillón da Caixa de Aforros cun Camiña don Sancho ou a Negra Sombra, silábicos, metálicos.

Pasa moita xente por eiquí ao longo do ano. Estudiantes franceses, italianos, noruegos, portugueses, americanos, romanistas especializados en folklore, xente namorada das catedrais e dos mosteiros, arqueólogos, preparadores de tesis socio-económicas, escritores e amigos dos libros, que queren botarlle unha ollada a algún título recén saído do prelo. Tamén visitan a biblioteca moitos alumnos do Instituto que queren saber algo máis sobre Curros ou Rosalía do que teñen nos textos. Eu gastéi tamén moitas horas manexando o ficheiro, ollando artigos, ordeando periódicos, lendo, aprendendo. Coido que antre libros e folletos a Fundación terá uns doce mil exemplares, manuscritos, mapas, edicións únicas, rarísimas. Xunto coa da Academia é a biblioteca privada máis importante do país pola súa riqueza documental.

Non embargantes Fermín Penzol é persoalmente desconocido. E isto non me asombra o máis mínimo: Recordo que o conocín un día calquera na Fundación, con moita xente arredor. Enteréime ao día seguinte de que aquel home de ollos claros, calado, discretísimo, era o Penzol que daba nome á Fundación. Nesta época de tanta campanilla e birimbau este anonimato é un gran signo de elegancia. Porque ademáis Fermín Penzol non é dos que chegan agora. Ven dende lonxe, naqueles tempos de mocedá cobrando suscricións de "A Nosa Terra" casa por casa na capital de España, pertencendo ás Irmandades da Fala, na Coruña, con Vilar Ponte, coleccionando libros de Dereito referidos a Galicia, xa daquel entón. Nesta materia é sen dúbida un gran bibliófilo. Fermín Penzol donóu todos os seus libros de Castropol, Madrid, Ponferrada á Fundación, e ademáis, en vida. Eso si que é difícil. Pois o normal é arrequecer as bibliotecas cando os donantes morren e, se cadra, citalo oficialmente nun acto ou que a cousa conste nunha placa visible, co agradecimento de todos.

Si algo xusto podo decir sobre Fermín Penzol será percisamente ese seu xeneroso xeito de ser, esa posición calada, ese anonimato, a súa axuda sempre en silencio.

¡MAIS, QUÉ DIFÍCIL SILENCIO CANDO EN VERDÁ SE LEVA DADO TANTO!

XOHANA TORRES

HAI KAI a FERMIN PENZOL, bibliófilo

UN LIBRO pechado i on fíu de sol
—diagonal do intre...—

NOVONEYRA

Recollido en Ribades

Maio

Handwritten musical notation for the first line of the song. It features a treble clef, a key signature of two sharps (F# and C#), and a common time signature (C). The melody consists of quarter and eighth notes. The lyrics below the staff are: "Ehí ven o Maio que Maio é, ehí ven o Maio".

Handwritten musical notation for the second line of the song. It continues the melody from the first line. The lyrics below the staff are: "que me-xa de pé. Am-que soy el Ma-yo, tam-bien trai-go flo-res;"

Handwritten musical notation for the third line of the song. It concludes the melody with a double bar line. The lyrics below the staff are: "ehí vie-nee San Juan, que los trae me-jo-res."

A Fermín Penzol, esta sinxela folina que eu
recollín na súa birbarra, aló polo 28.

Xosé Barégar

Madrid, I, 1972

Four empty musical staves are located at the bottom of the page, below the signature and date.

O engado da biblioteca

Rara vez se fai querer a biblioteca pública co seu orden aséptico e un chisco ordenancista. O engado da biblioteca personal venlle de ser reflexo e prolongación da personalidade do dono. O que fai desa *unha* biblioteca non son só os libros que nela hai senon tamén os que non hai. Polos libros ausentes diferénciase o perfil psíquico do propietario do perfil de quen os botase de menos. Tamén polo oco que quedou no ámbar reconstrúe o prehistoriador a figura do fósil. Non lle vai á biblioteca personal a alineación militar dos catálogos. No recanto menos visible inda están os “libros de texto” que o dono estudiou de rapaz. Xa non sirven para nada. Máis de unha vez estivo a piques de tiralos ou queimalos. Salvóunos no derradeiro intre un secreto cariño que daquela apareceu por eles ou un medo íntimo de que con eles desaparecese tamén algo dún mesmo. E alí siguen aínda, coa pegada da nosa firma xuvenil —aquela que tantas veces ensaiamos con un xeito presuntuoso de futuro grande home— tan tenramente ridícula como aquel corpo noso que de súpeto se puxo a medrar sin xeito nin proporción. Outros libros non se sabe ben cómo chegaron e por qué están alí. Un regalóunolo alguén e por non lle facer desprecio aceptámolo inda sin verlle utilidade algunha. Outro pedíramolo prestado e chégou a pasar tanto tempo

que non nos atrevimos a devolvelo inda que nos fixemos moitas veces o propósito. O de máis alá é un herdo familiar. Pero o corpo da biblioteca constitúieno os libros que ún mercóu para o seu uso ou recreo, principalmente para recreo. O alleo non verá neles máis que o seu valor de contido ou de coste. Para o dono garda cada ún a súa pequena historia sentimental. Topar con este costóunos moita rebusca nas librerías. Outro véunos ás mans na desfeita da biblioteca de outro modesto bibliófilo. Hastra nos lembra un pequeno remordimento xunto coa vanidade dun éxito comercial. Porque ¿non tivo algo de traición ao mesmo tempo que de habilidade o adiantarnos ao colega que tamén o buscaba e faríanos el o mesmo se poidera? Case todos os metimos na casa un chisco ás agachadelas da familia, como outra recaída máis nun vicio inocente pero prohibido. ¿Non tiñan razón eles, elas, cando nos preguntaban: “pero inda precisas mercar máis libros?” a verdade é que non o precisábamos. Hastra a ún mesmo lle costaría acadar unha xustificación racional para tanta compra. Un mercámolo para completar a colección, outro en previsión dunha posible enfermidade e unha posible convalecencia. Dun poeta clásico temos dúas, tres edicións, e cismamos que o mesmo poeta non sabe o mesmo se o leemos nunha edición recente mui aséptica ou nun tomo de pel de becerro con zume de séculos. As razóns saberaías o corazón, que as tén propias según Pascal. El saberá tamén por qué lle que-re tanto a aquel outro probe folleto en rústica —¿qui-záis por parecerse a un neno eivado de nacimiento?— ou porque estima de tal modo aquel outro que nunca leemos. Pero o libro que nos parece de pronto incomparable, único, é aquel que un día nos decatamos de que nos desaparecéu sin saber cándo nin cómo...

Por eso poucas esceas máis tácitamente dramáticas que o intre de chegar o home do saco a levarse a


biblioteca que se desfái ao morrer o dono. Alí van atacados, para seren logo vendidos soltos, os volumens que a súa man tantas veces acariñara, os que inda conservan entre as follas a invitación a unha boda ou a nota da lavandeiría do hotel. Hastra os mesmos familiares baixan a cabeza en rito funeral. Teño na miña biblioteca uns tomos da fermosa e famosa edición de Kant por Cassirer, mercados —cando eu era estudante— nunha rúa de Munich que recendía a “salchichas” e cervexa. Cada vez que a miña vista tropeza co “Ex libris” sinto no peito un intre de secreta melancolía. ¿Quén sería aquel “Doctor Veit Solbrig” que se fixo representar tan finchado mirando a paisaxe sobre un pentagrama con un “leit motiv” adecuado? ¿Cál das catástrofes bélicas guindaría este libro á diáspora hastra vir parar nun recuncho deste Finisterre con toda a Europa ás costas? ¿Sobreviría o tal señor doctor para lamentar a súa venda ou perda?

Fermin Penzol debéu sentir moi cedo o engado de facerse unha biblioteca personal. El poderíanos dar unha novela ben interesante se nos contara cómo acadou cada ún dos libros. Xuntar esa biblioteca galega debéu ser para el como se estivera refacendo Galicia ao xuntar os materiais con que reconstruír o seu significado cultural. ¿Cántas buscas, dúbidas, cálculos lle terá custado cada ún deses títulos? Tamén debéu presentir ben fondamente esa silandeira traxedia da biblioteca que se desfái, consumando a extinción do espírito do antigo dono. Un día —como se nada— pousóu o seu tesouro nunha rúa de Vigo e alí está á disposición de quen o queira gozar. Tratándose das cousas do espírito, dándoas aos demais enriquecése o donante, e agora como Horacio xa el pode tamén decir de sí: “Non omnis moriar”. Como aquel Horacio a

propósito de quién decía outro impenitente bibliófilo,
Menéndez Pelayo,

"Yo guardo con amor un libro viejo
de mal papel y tipos revesados
vestido de rugoso pergamino"...

CARLOS BALIÑAS



As tardes na Penzol

U n h a

Foi polo ano 1965. Unha tarde cincenta do mes de xaneiro. Viaxeí a Vigo naquel entón co gallo de escoitar unha conferencia que tiña de pronunciar eiquí Avelino Pousa Antelo. E, precisamente da man do Pousa Antelo, cheguei á Fundación Penzol por primeira vez.

Desta miña primeira tarde na Penzol aguillóanme lembranzas moi íntimas. Por unha banda, o meu abraio diante da fartura bibliográfica encol de Galicia que se garda na Fundación. Por outra, o conforto dunha conversa demorada con persoas tan vencelladas á propia Fundación Penzol como son Ramón Piñeiro, Francisco del Riego, Xaime Isla e Xosé Manuel Beiras. De terceiro, a seguranza de ter utilidade sempre unha vida que se enche a traballar limpamente pra e en Galicia.

O u t r a

Ano 1971. Unha tarde de abril. E precisamente na Fundación Penzol, en Vigo, o meu encontro con Fermín Penzol. Outra data que se me non esquece.

Se hei de acodir a algunhas verbas pra nomear as miñas impresións da tarde esta teño por forcia que facer uso de palabras do xeito de naturalidade, sinxeleza, autenticidade.

Evidentemente. O se ter entregado de cheo a unha Galicia que non rende dividendos monetarios, coa naturalidade e coa sinxeleza con que se ten entregado de por vida o Penzol, a máis o ser autor constante dese clima de intimidade nidia co que agasalla decote o Penzol a quen se pon diante del, son garantías máis que abondo da súa autenticidade certa.

M o i t a s

Dende o outono do 1969 frecoento con regularidade a Fundación Penzol. Naturalmente, polas tardes.

Alí, na Fundación Penzol, teño experimentado esa emoción fonda de coller nas propias mans xornáis, revistas e libros —pubricados na Galicia do aquí denantes do 36, pubricados na Galicia do alén denantes e despóis desta data— dos que tiña referencia mais non tiña coñecemento directo. Alí gorentéi páxinas clásicas da literatura galega e alí batín con páxinas chave pra entender a Galicia tal cal é. Libros e páxinas que, fora da Penzol, se non atopan en ningures.

Alí, na Fundación Penzol, nos dous anos derradeiros, miréi traballar rexamente a Xosé Luis Franco Grande, Xosé Luis Méndez Ferrín, Xohana Torres, Carlos Casares, Xesús Alonso Montero... por poñer non máis que un mangado de nomes ben consagrados na cultura galega. Alí reparéi en licenciados, universitarios, curiosos de saberes e intelectuáis varios —galegos e mesmo estranxeiros— á procura de datos pra compoñer libros, tesis, tesinas, artigos ou traballos diferentes. Sempre a traballaren temas en relación con Galicia. Decote a daren testemuña de que quen queira investigar seriamente polos eidos da cultura galega ha de ter en conta a biblioteca da Fundación Penzol.

Hoxe por hoxe, pra min, entrar na Penzol é sentirme automaticamente arroupado por toda a Galicia verdadeira.

Sabemos ben que todo esto non acontece a fume de pallas. Nin moito menos. A estas alturas me non abanea a dúbida máis miuda: na miña andaina futura pola vida adiante, sucedera o que sucedera, a Fundación Penzol contará xa de por sempre. As tardes na Penzol, a min, riscáronme un roteiro.

E o meu caso non é isolado. Se o fora non o traquería a conto. Porque el non tería a máis miuda comenencia. Espúxeno, somentes, pra por un exemplo. Porque estou ausolutamente certo de que el é un máis antre un fato que compoñen moitos.

Nunha ollada

Enxergamos a Galicia nunha ollada de conxunto. Pois non ten volta: a Fundación Penzol ocupa un posto sobranceiro no conxunto cultural galego.

De por sí, neste intre, ela é a única institución enteiramente galega e certamente independente. De feito, ela ten dado pe a unha obra importante dentro dos lindeiros culturáis galegos.

¿Fainos falla esta institución? Indubidabremente. Cada día ela cómprenos máis.

¿Rende canto debera? Posto que ela dá froitos, render xa rende. Agora ben, o poñer a Fundación Penzol a render óptimamente é tarefa que nos atinxe a todos.

Fermin Penzol entregóuse a Galicia nesta obra. Galicia reconocerá a laboura de Fermin Penzol. Sen dúbida.

Mais o que importa en verdade —e no que o mesmo Penzol concorda— é que a Fundación Penzol encarreira a Galicia por vieiros certos.

VALENTÍN ARIAS LÓPEZ



V. V. V.

Unha xoia bibliográfica da biblioteca Penzol

Entre as xoias bibliográficas que garda a Biblioteca da Fundación Penzol, en Vigo, figura un folleto gótico, que coidamos exemplar único, de gran importancia histórica para Galicia. A súa ficha bibliográfica é a seguinte:

CARTA y relación cierta y ver/dadera embiada desde Sanctiago de Galizia/ a la corte de su magestad: en que cuenta la victo/ria que ouo el señor don Aluaro baçan capitan/ de su Magestad el dia del bienauenturado apo/stol señor Sãctiago: deste presente año de 1543/ de vna armada de franceses que andauã robando por aquella costa y puertos de Galizia. (s. l. s. i. s. a.) 4 h. sin fol. Sig. Aii. 4.º, L. gót. varios tam. 36 lín. Inic. grab. Cald. Papel fino de non moi boa textura e sin filigrana. Portada con cinco xilografías de bon estilo. A superior: escudo cuartelado de Castela e León, circundado por colar do Toisón e sobre aguiá bicéfala coroada, de cuías patas saí ramaxe rematado en sendas cabezas fantásticas de ave. Laterales: columnas de Hércules rodeadas por cartelas coa lenda PLVÈ VLTRE, de abaixo arriba na columna esquerda e de arriba abaixo, na dereita. Inferior: dous anxos cuíes troncos rematan en roleos, sostendo escudo coas cinco chagas.

Na parte central superior, guerreiros en tres embarcacións dirixíndose á costa, formada por paisaxe con fortificación almeada. Debaixo, o título. Ao fin do texto, viñeta con dous anxos alados, sentados sobre cornucopias, entre roleos e follaxe, sostendo unha alcachofa central. Enc.: pel, nervios e dobre recadro de ferros fríos. Escudo heráldico gofrado no centro de ambas tapas, cuartelado: 1.º e 4.º, león, con bordura de seis calderóns; 2.º e 3.º, castelo. Escusón axedrezado. Detrás do escudo, cruz de Santiago coroada por coroa ducal con grandeza de España. Dúas cintas de seda verde en cada tapa. 19 x 14 cms.

A impresión, en xeral, é coidada. Advirtense, con todo, algunhas erratas: S invertida e E, en lugar de A, na lenda PLUS ULTRA. No texto, algunha de pouca monta.

Pedro Vindel, "Repertorio de libros raros", n.º 606. Atanasio López, "La imprenta en Galicia", n.º 6. Antonio Palau y Dulcet, "Manual del libro Hispano Americano", t. 3.º. Desconocido por Antonio Rey Soto, "La imprenta en Galicia. El libro gótico".

O P. Atanasio dáo como saído probablemente das prensas de Agustín de Paz, quer en Mondoñedo, quer en Santiago. Evidentemente, os tipos desta Carta son similares aos do "Sumario de los Priuilegios... que la... Iglesia de Santiago de Galizia... tiene..." (s. l. s. i. s. a.), que Rey Soto supón impreso en Mondoñedo en 1550 ou 51, baseándose en que emprega a mesma letrería da "Descripción del Reyno de Galicia", do Lcdo. Molina, do ano 1550. Noustante, é difícil asignar a impresión dunha obra a un determinado impresor, apoiándose escrusivamente nos tipos gráficos ou nas viñetas, pois de todos é ben sabido que moitas letrerías usadas en incunables empréganse aínda ben entrado o século XVI, que un mesmo grabador traballaba para impresores moi distantes na xeografía. Os impresores traspasábanse os tipos. Os mesmos tacos

repítense en varios impresores e un mesmo impresor emprega tipos diversos¹.

Si a impresión foi feita inmediatamente despóis de escrita a Carta, como é de pensar, obedecendo á necesidade de espricar uns feitos ao país e ao desexo de acadar a gratitude ou o premio a uns servicios, o probable é que o autor deste impreso fose o segundo impresor conocido en Galicia, Vasco Díaz Tanco del Frenenal, persoaxe moi curioso que pasóu, entre 1542 e 43, de Santiago a Ourense, chamado polo bispo Manrique de Lara para imprentar as Constituciones sinodales do obispado de Ourense. Nesta cidade traballóu polo menos deica 1548, data na que fai testamento. Neste periodo imprime obras moi conocidas, tales como a Palinodia e quizáis os Veinte triunfos. Reaparece anos máis tarde en Valladolid, coa impresión do Jardín del alma cristiana, a comienzos do 1552. O impresor Agustín de Paz non chega a Galicia hastra 1548. En Mondoñedo aparece imprimindo hastra 1553, ano en que pasa a Santiago. Dous anos despóis, en 1555, trasládase para Oviedo, non voltando a Santiago máis que para ingresar e morrer no cárcere.

As costas de Galicia foron ao longo da historia terreo doado para os ataques dos piratas, corsarios e enemigos de todas crases. Baixo Carlos V e con motivo das súas guerras con Francia, menudeaban estas incursións. O máis adoitado era que non pasasen de ser escaramuzas sin perigro para a seguranza do Estado,

¹ O impresor ourensán Tanco dinos no seu testamento: "dexo en esta casa donde bivo nueve arquillas con letra de enplenta... letra del manual y punto... otra caixa de glosa del manual... la letra del libro del turno... la letra del brevyario de Santiago con la glosa...". "Ay bifetas de orlado y quatro y medio pliego, media dozana de cada uno todo nuebo, que me costó mas de ochenta ducados en Medina del Campo", "Ay historias de coarto y de octabo y de diez y seis y de treinta y dos y armas de Obispos y de Reles...", "Ay birgulas que hize para el libro del turno... y ay componedores justificadores y todo lo demas necesario para una ynprenta...", "Ay en un arca alfabetos de letras que yo hize nuebos de palo y de estaño de los primeros hasta ocho que balen mucho...".

mas provocaban desacougo e medo nos habitantes da costa, chegando, incluso, á despoboación temporal de certas zonas. Estas acometidas costeiras, despois de se derramar máis ou menos sangue, viñan rematando en roubos e preadas a xentes non moi abastadas e cuio medio de vida era mesmamente o mar. O Emperador tiña sempre a punto unha armada para a defensa do litoral mediterráneo, pro no Cantábrico, como as incursións francesas eran polo xeneral de menos envergadura, inda que moi reiteradas, confiaba a súa defensa ás xentes costeiras. Pouco antes, nembargantes, da súa saída para Alemaña, en abril de 1543, D. Carlos trata con D. Fernando de Valdés, Presidente do Consello Real, sobre a comenencia de facer unha "remada" polas costas do Cantábrico. Vólvello a lembrar dende Barcelona, nas vísperas da súa partida a Italia. Ao mesmo tempo chama a D. Alvaro de Bazán, mariño de gran prestixio que xuntamente con Andrea Doria dirixira a escuadra que atacou Túnez en 1535, e que estaba arredado da armada, para que volte ao seu servicio e pídelle que reclute en Vizcaya e Guipúzcoa xente e navíos cos que navegaría a Laredo a fin de transportar a Flandes a D. Pedro de Guzmán con 2.000 homes e defender as costas do norte de España contra franceses e outros enemigos.

Don Alvaro obedece rápido. Según Sandoval, parte de Valladolid o 10 de abril. Axunta 40 naves. Quince delas vanse a Flandes co sevillano Guzmán e os seus homes. O xeneral de Fuenterrabía D. Sancho de Leiva anúncialle o 8 de xulio a presenza nas súas augas de unha armada de 30 naos francesas. Bazán pide entón reforzos —só tiña 1.000 homes mandados por un García de Paredes como mestre de campo— e fóronlle enviados 500 arcabuceiros ás ordes do capitán Pedro de Urbina.

A nosa carta narra un notable episodio da cuarta guerra entre Carlos V e Francisco I, que tuvo como

esceario a costa de Galicia comprendida entre as rías de Laxe e Muros, do 15 ao 25 de xullo de 1543.

Unha escuadra francesa, composta de 900 a 1.000 homes e 16 naves, tripuladas por xentes procedentes da fronteira de Navarra e mercaderes da bisbarra de San Juan de Luz, propietarios de parte das naves e concedores destas costas polos seus tratos mercantís, desembarcan o día 15 no porto de Laxe, e en días sucesivos en Fisterre e outros puntos da costa entre este pobo e Muxía. Durante dez días saquean canto atopan. Arrapañan a prata da venerada imaxe de Nosa Señora de Fisterre, desencaixan a custodia da súa eirxa, rachan as orellas das mulleres co mesmo fin, apodéranse de 600 quintales de pescado e congrio, rouban vacas, tronzan as redes e furan os barcos para que se vaian ao fondo, matan, xogan e pasean, comen e beben "de aquel saludable y nombrado vino de Ribadavia" do que encontraron abundancia, sin repararen no desastre que lles agardaba. Andaria polos dez ou doce mil ducados o importe do que se levaron.

O Gobernador de Galicia Conde de Castro (érao don Alvar Gómez Manrique y Mendoza, sucesor neste cárrego do Infante D. Juan de Granada, morto en 1542), ao mesmo tempo que envía ao Oidor Lcdo. Alonso Gómez a alentar e dar fogaxe ás xentes, fai chamar con urxencia a D. Alvaro de Bazán, que estaba en Laredo coa armada do Emperador. Acude súpeto tamén á defensa do porto de Muxía, seriamente amenazado, Velastegui, Alcalde Mayor do Arzobispo de Santiago (don Gaspar de Avalos —aquele bon e coitado arzobispo, educado polo seu tío o primeiro arzobispo de Granada Fr. Hernando de Talavera— tiña partido no mes de maio, acompañando ao emperador no seu viaxe por Italia e Alemaña).

O día 19 pon proa ás costas de Galicia D. Alvaro. Acompañano 19 naves. Chega á altura da Coruña o día 21. Aproveccionado eiquí de pan, viño e carne e in-

formado con máis detalle, continúa deica o porto de Laxe, a onde chega o día 24. Permanece alí hastra media noite en que leva áncoras a fin de se atopar ao mencer cos franceses, situados a media ou a unha legua de Fisterre, medio escondidos detrás dunha punta de terra, nun portiño sin xente o areal. Albiscáronse as escuadras o día de Santiago e a española, como por milagre, ao decir do cronista, embiste unha nave que levaba o mellor do botín e a parte, indose ao fondo con oito guerreiros españois que a abordaran sin se decataren do perigo. As outras 15 naves non se lles dá cuartel e son apreixadas con facilidade. Os prisioneiros capturados son conducidos inmediatamente a Muros e deixados a bon recaudo. Bazán, carregado de gloria e en compañía de 5 ou 6 persoas, diríxese a Santiago en romería, a pe desde Lariño, o día 27, para dar gracias ao Apóstolo. En Santiago é atendido dignamente, non sabe o autor si pola cidade ou polas xentes do Arcebispo, na casa de Fructuoso Gallos, e volta á Coruña o sábado día 28.

Este relato coetáneo —foi escrito en Santiago unha semana despóis da batalla— e inédito ten grande valor por canto ven precisar o lugar —a seis leguas de Laxe e media ou unha legua de Fisterre—, a data —ano 1543—, o número de naves e as circunstancias que precederon á batalla, o pillaxe francés e a rexa defensa das xentes do noroeste de Galicia. Da batalla en si apenas dá detalles. Alóngase máis no referente á defensa feita polos naturais do país. Mira con simpatía a bravura do xuez de Fisterre, Antón Pérez, que, despóis de resistir un sitio de cinco horas dentro da súa casa, foi feito prisioneiro xunto coa súa muller e dous fillos.

Verbo da data da batalla, todos os escritores que, seguindo a Fr. Prudencio de Sandoval, trataron dela, dana como celebrada o 25 de xulio de 1544, en augas de Muros, con 24 naves españolas. As perdas francesas

foron de 3.000 entre rendidos e mortos e as españolas 300. Mandaba a escuadra francesa Mr. De Sana. López Ferreiro atribúe aos franceses 25 naves e aos españois, 24. Artaza eleva a 40 as naves españolas, interpretando erróneamente a Sandoval.

Que a batalla tuvo lugar en 1543 e non no 44, confírmalo implicitamente o cronista ao non mencionar ao Arcebispo de Santiago na recepción feita a don Alvaro nesta cidade. Evidentemente, D. Gaspar de Avalos non voltaría á súa diócese do viaxe co Emperador deica febreiro do 44.

A falta de sentido crítico de Sandoval faille incurrir en notorias contradicións. Sitúa no ano 1544, erróneamente, a preparación da escuadra por D. Alvaro de Bazán e o transporte subseguinte en 15 destas naves de D. Pedro de Guzmán e os seus 2.000 homes. Con todo, ao tratar o ano 1543, sitúanos a este persoaxe e aos seus homes (aquí son 3.000) en Flandes e fálanos deles con tres motivos. A primeira vez a propósito do grave perigo que correron ao chegaren a Flandes, onde nonos querían recibir por terse corrido o rumor da morte do Emperador en Arxel, en 1541, e coidaren que estas tropas eran enviadas para os someter. Carlos V entérase desto durante a súa estancia de 15 días en Spira, a onde chegou o 20 de xullo de 1543. Por segunda vez fala deles a propósito do sitio de Landresi, no Artois, ocupado polo rei de Francia. O Duque de Ariscot tiña ido socorrello cos homes que levara D. Pedro de Guzmán. Esta nova recibe o emperador despois da rendición do Duque de Cleves en setembro do mesmo ano. E, ao cabo, dinos que no mes de outubro seguinte, o emperador dirixese a Landresi, que sitiaba á raíña María cos 3.000 homes levados por don Pedro de Guzmán, chamado D. Pedro de Noche polas cantigas que compuña e adoitaba cantar pola noite.

Tamén o eximio López Ferreiro confunde a este don Álvaro de Bazán co seu fillo do mesmo nome, que andando os anos chegou a ser o primeiro Marqués de Santa Cruz e que, según Sandoval, recibiu o seu bautismo de fogo nesta batalla de Fisterre sendo moi mozo, pois nacera no 1526.

O autor desta Carta debía ser vasalo do Arcebispo de Santiago ao que chama dúas veces "mi señor". Si non intervén na batalla, ao menos estivo presente no recibimento que se lle fixo a D. Álvaro. A narración é sobria, sin a retórica que podería agardarse dunha carta panexírica e concebida para exaltar a un héroe. Escribe con imparcialidade e con oficiosidade. A súa admiración cara ao vencedor é pouco espresiva: "tan buen capitán", "nos habló muy bien". O relato é case sempre impersoal. As veces, poucas, quizais pola forza que lle dá a súa presenza nos sucesos, narra en primeira persoa. Hai soltura e correición, inda que abusa un tanto do encadeamento por medio da copulativa. O estilo directo aparece somentes no discurso pronunciado por D. Álvaro diante do xentío que o agardaba en Santiago.

OLGA GALLEGO

BIBLIOGRAFIA

- Pedro Vindel: "Repertorio de libros raros". Madrid, 1925, pág. 58.
Atanasio López: "La imprenta en Galicia. Siglos XV-XVII". Madrid, 1953, p. 54. Antonio Palau y Dulcet: "Manual del libro Hispano Americano". Barcelona, 1950, t. 3.º. Antonio Rey Soto: "La imprenta en Galicia. El libro gótico". Madrid, 1934. Cándido Cid: "Testamento y codicillo de Vasco Díaz Tanco del Fregenal". Bol. Com. Mon. Orense, t. VII, p. 89. Marcelo Macías: "Vasco Díaz Tanco de Prexenal". Idem, p. 153. Prudencio de Sandoval: "Historia del emperador Carlos V". Madrid, 1955-56, t. 3.º, p. 140, 156, 158 e 209. Antonio López Ferreiro: "Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela", 1898-1909, t. VIII, cap. III e V. Idem: "A tecedeira de Bonaval. Episodio da hestoria de Compostela no sigro XVI". 2.ª ed. A Cruña, 1895. Justo Eliseo Areal Barros: "Fragmentos de la Historia de Galicia...". Vigo (s. a.: 1900?). Ramón de Artaza Malvárez: "La villa de Muros y su distrito", 2.ª ed. Pontevedra, 1959, p. 164. José L. G. Novalin: "El Inquisidor General Fernando de Valdés (1483-1588). Su vida y su obra". 1968, p. 144.

FERMÍN PENZOL

O outro día estiven en Ribadeo. E perguntéi si, por un casual, estaría en Castropol Fermín... O mesmo Pérez Prieto, que foi quen me mandara razón de que fose á casa de Fermín en Castropol, a beber unha copa de whisky, que estaba aló agardando por min, foi o que me fixo sabedor de que o matrimonio Penzol estaba en Barcelona. Que quede a copa pra outra ocasión.

Paroléi con López Durá e con Pérez Prieto. Si Juanito L. Durá non tiña pouco que contar da súa ausencia de trinta e tantos anos, o Claudio P. Prieto non se quedou calado, nin moito menos. En dúas longas horas de conversa, moitos minutos de risa.

Abofé que me gusta Ribadeo. Sempre o atopo silandeiro, folgado e fermoso. Un silencio dourado apóusase agora sobor da ría. Abanéanse as verdes cabeleiras dos tamarindos, nada máis, cuasemente, pra nos facer saber que na beiramar sempre asopra algo o vento.

Penso nistes intres en Fermín Penzol e na súa casa de enfrente da ría, con aquil seu comedor, con ampro ventanal, onde un día, pola seriña baixa, tomando café, vin estampado na lonxanía un barco de vela. Cécáis que fora o único barco de vela que se vía na ría de anos atrás.

Fermín Penzol é un galego de pro nacido —penso— en Ponferrada e habitante de Castropol por moitos anos.

débeme unha copa de whisky

Moitos lle tivemos que perguntar ao Fermin algunha cousa intresante da literatura galega. El sabíaa e sacóunos de dúbida. Calquer cousa das Irmandades da Fala, da Residencia de Estudantes do ano trinta, do Seminario de Estudos Galegos. E sempre xurdía a mesma pregunta...

¿Por qué non escribiría Fermin Penzol? Supoñendo que, de escribir, tiña que sere en galego. Por suposto, Nunca me estrevíñ de lle preguntar. Mais agora...

Cando esteña na súa casa catando a sabor e máis a aroma de ise whisky cuase pantástico, espetaréille a pregunta:

—¿E cóma foi iso, amigo Fermin, de que tí...?

ANXEL FOLE





Fig. 11.

A obra de Penzol

Aló polos anos vintetantos xuntabámonos nun café da Gran Vía de Madrid un fato de mozos galegos, estudantes, opositores, empregados; outros que chegaban pra tentar a aventura da "villa y corte": Eran tempos de ledas e confiadas certezas no sino persoal e no porvir de España. Galicia, naturalmente, estaba no cerne das nosas preocupacións e dos nosos diálogos cotiáns. Eran tempos en que a terra galega, decote presente na nosa realidade sentimental, esixía, ademais, da xente moza, unha actitude mental e intelectual moi precisa. Galicia foi pra moitos diles un programa de acción e de conduta; en realidade, unha perspectiva de vocación extrapersoal, unha angueira misional. Algúns derivaron ás artes, ás letras e ás ciencias; outros, á política de pensamento ou de exercicio. E os que, por circunstancia da vida, seguiron outros vieiros, quedaron daqueles días de concencia inicial, signados por unha fidelidade e un anxeio de servizo a prol da Terra que os había acompañar ao longo —e ao fondo— de toda a súa existencia.

Un diles foi Fermín Penzol, Penzol asinóuse a si mesmo un destino de eficacia oustinado, trabaloso, silencioso, sin inmediato lucimento. Do custoso e longo esforzo resultóu o inxente aporte bibliográfico que agora está ao servcivio dos estudosos na Fundación que leva o seu nome. En Galicia, na Peninsua, no estranxeiro, Fermín Penzol, día a día, ano a ano, durante máis de coarenta, conocéu, persiguiu e mercóu, ás veces con grandes sacrificios, libros, documentos, folletos e todas cantas publicacións lle foi posibel até reunir ise fondo, en certos aspectos único, arestora ao servcivio da cultura e da investigación galegas.

Iste homenaxe, tamén calado, sobrio, sin rexouvas publicitarias nin algareios retóricos, é o máis axeitado que podemos render a Fermín Penzol, non só como gratitude pública e xeral sinón como un xeito de valorar a súa laboura polos seus coetáneos e soerguela como exemplo cara o futuro de Galicia.

ÁLVARO GIL VARELA



**pra Fermín Penzol,
na compañía de Blanquita**

pregos do Cesáreo Saco

Que os deuses bendigan o voso fogar a prol da Terra.

Que a túa presenza na Galicia seña no futuro o que foi deica o presente.

Que pola túa fidelidade á Terra veña sobor de ti unha choiva de bens de toda cras.

Que sigas sendo o Mestre hastra que peches os ollos pra sempre.

Que sempre, sempre, seña lembrada a túa obra por mor de Galicia.

Que o teu amor a Galicia seña sempre lembrado pra que a túa exemplaridade siga exercendo o seu Maxisterio sobor das futuras xeneracións dos mozos galegos.

Que os teus epígonos espirituales non iñoren que o son.

Que naide iñore a túa entrega á Galicia.

Que a roseira do teu espírito nos siga inspirando nos sentimentos da Terra irredenta.

Que a túa obra e esforzo silandeiros señan coñecidos pra que se salba que inda hai homes egregios e bariles que se consagran e sacrifican pola salvación da coleitividade galega.

Que polo teu pulo, secuencia e contrapunto do de Rosalía, Pondal, Curros, Lamas Carvajal, etc., "os tempos señan chegados".

Que se saiba que a "Fundación Penzol", froito espontáneo da túa obra, é a Institución cultural galega que ten máis posibilidades de catalizar e aglutinar á mocidade intelectual da Nosa Terra pra que ésta leve a cabo a promoción da cultura e educación popular de Galicia hastra acadar a súa máisima formación e concenciación e asina conquistar a súa liberdade; pois coidamos que iste é o vieiro seguro pra a transformación e reivindicación social de Galicia e a de todos os pobos.

Que se saiba que pra a posta en marcha de toda ista actividade a Penzol non lle fixo falla estar avencellado a filosofías voluntaristas, pragmatistas, que veñen servindo de pretesto aos autócratas sobranceiros pra montar un gran aparello de escravización do pobo en escrusivo beneficio diles e do seu clan de colaboradores pra dar satisfacción ao seu arbitrario hedonismo.

Que o pobo galego chegue a tomar conciencia de que Fermín Penzol forma parte do elenco dos "bós e xenerosos".

Pola túa obra facemos votos pra que a mocidade galega que tivo que deixar a Terra, volte axiña a ela pra ledicia dos nosos campos e dos nosos lares, e pra que Galicia se vexa agarimada polos seus fillos mozos. Así seña.

Discanto pra Fermín Penzol

escribeuno

FERMIN BOUZA BREY

¡Madia leva, tocaio,
ter a carón de ti á Galiza en roda!
Xentes de fé e de espranza sen desmaio.
Toda a Galiza... ¡Toda!
Artistas e escritores,
os vellos loitadores
e os novos que sufriron lostregazos
e foron escarnidos,
os que lidaron sen perder os azos
e da Patria fuxidos,
os finados a tiros e a cantazos
nas cunetas, nos matos, nos eixidos...
I eu tamén, meu amigo,
estóu eiquí contigo.
I eu tamén, meu tocaio,
ao teu cabo o vello corazón che traio.

Foi en Madrí, nos días
da nosa mocedá. Libros antigos
nos fixeron amigos
da Costa de Moiano nas porfias,
que os libros son baraza
que inda hoxe nos confonde e nos abraza
Dempóis, o amor á terra nos formenta,
eu no canto das Rías,
ti na banda irredenta:
Castropol, Veigadeu e Ponterrada,
¡anacos da Galiza posfasada!

¡Rúa do Pez. "Café
Campinas". Pesadelo
das lembranzas. Afiado coitelo
da memoria que fai seu fincapé
na amizade cordial dos Cotarelo,
con don Armando, irmán na nosa fe.

E agora, meu amigo,
neste intre estou contigo.
E agora, meu tocaio,
beilando, o corazón eiquí che traio.

É por unha cultura que se loita,
por unha lingua en fror que se combate,
por ter o espírito ceibe é a nosa coita
que ha ter o seu romate.

Miña beizón, Fermín, pois polas nosas
máis nobres cousas é que ti batallas.
En balbordo de versos e de prosas,
con libros ametrallas,
e has ver churir as que sementas, rosas,
e espaxer borralas.

**Eu tamén, meu amigo,
de corazón che digo
que Galiza e a miña alma están contigo.**

T Á B O A

| | |
|--|----|
| Penzol visto, por <i>X. Illa</i> | 9 |
| Nesta xuntanza amistosa, por <i>Ramón Piñeiro</i> | 11 |
| Coma brasas, por <i>Xosé M^a Díaz Castro</i> | 16 |
| Dibuxo de <i>Laxeiro</i> | 17 |
| Canto de outono para a túa volta, por <i>Salvador García-Bodaño</i> | 19 |
| Non se sabe tanto, por <i>Eduardo Blanco-Amor</i> | 22 |
| Cando eu era neno, por <i>Carlos Casares</i> | 26 |
| Carta dende Cangas, por <i>Camilo G. Suárez-Llanos</i> ... | 28 |
| Do Penzol de Fermín, por <i>Ramón Martínez-López</i> ... | 30 |
| O fronterizo Fermín Penzol, por <i>X. L. Franco Grande</i> .. | 32 |
| Saudemos ao galego estramurado, por <i>Xosé L. Méndez Ferrín</i> | 35 |
| Penzol entra nunha librería, por <i>R. Carballo Calero</i> . | 36 |
| Os silencios de Fermín, por <i>V. Paz-Andrade</i> | 38 |
| Dibuxo de <i>Castelao</i> | 41 |
| Dende neno e estudante, por <i>R. Otero Pedrayo</i> | 42 |
| Cando conecín a Penzol, por <i>Xosé Ramón e Fernández-Oxea</i> | 46 |
| Dibuxo de <i>Colmeiro</i> | 49 |
| Fermín Penzol en Mondoñedo, por <i>Álvaro Cunqueiro</i> . | 50 |
| Este é dos bos e xenerosos, por <i>I. Millán González-Pardo</i> | 53 |
| Dibuxo de <i>Torres</i> | 57 |
| Con Fermín Penzol en Barcelona, por <i>Basilio Losada</i> . | 58 |
| Fermín Penzol um idealista galego exemplar, por <i>Manuel Rodrigues Lapa</i> | 63 |
| Bibliófilo, por <i>X. M. López Nogueira</i> | 64 |
| Dibuxo de <i>Díaz Pardo</i> | 69 |
| Home galego, por <i>Salvador Lorenzana</i> | 70 |
| Fito moral, por <i>Marino Dónega</i> | 73 |

| | |
|---|-----|
| Dibuxo de <i>Corredoira</i> | 75 |
| O sorriso de Fermín Penzol, por <i>D. García-Sabell</i> ... | 76 |
| Dibuxo de <i>Xohán Ledo</i> | 79 |
| O seu amor á terra..., por <i>María Xesús Castro</i> | 80 |
| Vir generosae, por <i>Sebastián Risco</i> | 82 |
| Grabado en madeira de <i>Seoane</i> | 85 |
| Botando alicerces en silencio, por <i>Xosé M. Beiras</i> ... | 86 |
| Un encontro, por <i>Xosé Luis L. Cortón</i> | 89 |
| Dibuxo de <i>Rivas Briones</i> | 92 |
| “Madia leva, madia ten”, por <i>Celestino Fernández de la Vega</i> | 93 |
| A Fundación Penzol, por <i>Xohana Torres</i> | 96 |
| Hai Kai a Fermín Penzol, por <i>Novoneyra</i> | 98 |
| Maio, por <i>Xesús Bal e Gay</i> | 99 |
| O engado da biblioteca, por <i>Carlos Balañas</i> | 100 |
| As tardes na Penzol, por <i>Valentín Arias López</i> | 104 |
| Dibuxo de <i>Virxilio</i> | 107 |
| Unha xoia bibliográfica da Biblioteca Penzol, por <i>Olga Gallego</i> | 108 |
| Fermín Penzol débeme unha copa de whisky, por <i>Án- rel Fole</i> | 116 |
| Dibuxo de <i>Pondal</i> , por <i>Siro</i> | 118 |
| A obra de Penzol, por <i>Alvaro Gil Varela</i> | 119 |
| Pregos do <i>Cesáreo Saco</i> | 121 |
| Discanto pra Fermín Penzol, por <i>Fermín Bouza-Brey</i> . | 123 |

Este
libro-homenaxe
que os seus amigos
e admiradores adican a
Fermin Penzol, foi composto,
e impreso en papel especial, no
obradoiro de Artes Gráficas
Galicia, S. A., Burgos, 96
de Vigo, no mes de
marzo do
1972